

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13242 *Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

O sistema de seguridade social constitúe un pilar central da sociedade española a través do cal se consolidou e desenvolveu un sistema eficaz de benestar para os cidadáns. Ao longo dos anos, foi ampliando a súa cobertura a máis beneficiarios e foi, tamén, mellorando a súa intensidade protectora, garantindo a asistencia e prestacións sociais suficientes ante estados de necesidade.

Co compromiso firme e duradeiro de todos os axentes políticos e sociais de velar para que os dereitos de protección social non se vexan reducidos por decisións a curto prazo e se sitúen no ámbito do diálogo permanente e do maior consenso posible, institucionalizouse o Pacto de Toledo, que se fundamenta na mutua colaboración dos partidos políticos para asegurar os dereitos que dimanan da formulación social do Estado. A Comisión do Pacto de Toledo veu realizando os seus traballos e formulou as súas recomendacións co obxectivo de establecer as bases para que os poderes públicos tomen as súas decisións en materia de pensións.

O sistema de seguridade social ten que seguir facendo fronte a importantes desafíos, afrontando a longo prazo as exixencias derivadas, entre outras, das tendencias de evolución demográfica, a fin de garantir a súa sustentabilidade financeira. O feito incuestionablemente positivo de que a esperanza de vida aumente progresivamente en España, ata terse convertido no segundo país do mundo con maior pervivencia da poboación, enfronta tamén o reto de que, no futuro, será necesario asumir o pagamento de máis pensións durante máis tempo por mor do devandito envellecemento da poboación.

A diminución prolongada das taxas de natalidade e o simultáneo incremento da esperanza de vida das persoas maiores están a provocar unha inversión da estrutura da pirámide de poboación, aumentando o número de pensionistas en relación coa poboación activa, isto é, variando a taxa de dependencia dos pensionistas. De non se modificar, aínda que sexa parcialmente, esta tendencia mediante o incremento das taxas de natalidade e dos fluxos migratorios, tal tendencia acentuarase nas próximas décadas, pola propia evolución demográfica.

Esta tendencia demográfica afecta todas as xeracións, pero sobre todo as máis novas, polo feito de que serán estas xeracións novas as que serán maiores de 65 anos durante máis tempo.

II

Non obstante, non é só a tendencia demográfica o único factor que aconsella facer as reformas que esta lei realiza no sistema de pensións. Resulta necesario reforzar a contributividade do sistema establecendo unha relación máis adecuada entre o esforzo

realizado en cotizacións ao longo da vida laboral e as prestacións contributivas que se van percibir.

O sistema de seguridade social español asistiu ultimamente a unha progresiva diminución do período de actividade laboral en dous sentidos: por unha banda, os anos de formación e de estudo da xente nova prolongáronse e o seu acceso ao mercado de traballo, por esa razón, atrasouse en relación coa idade á que era habitual a súa incorporación en pasadas xeracións. Doutra banda, a taxa de participación das persoas maiores de 50 anos segue a ser insuficiente, polo que no Acordo social e económico se preveu a adopción dunha estratexia global de emprego dos traballadores de máis idade, co obxectivo de favorecer o seu mantemento no mercado de traballo e promover a reincorporación de quen perde o seu emprego nos últimos anos da súa vida laboral.

Esta situación non é só propia de España, senón común ao resto dos países da nosa contorna. Os Consellos europeos de Lisboa, Estocolmo, Gotemburgo, Barcelona, Bruxelas, ata chegar aos máis recentes, promoven como prioridades a prolongación da vida activa e a desincentivación da xubilación anticipada, e países da nosa contorna teñen realizado reformas legais no sentido de reducir os estímulo ao abandono prematuro da vida activa e algúns estableceron a idade legal nos 67 anos.

En España, ademais, os efectos da situación descrita son maiores debido precisamente ao rápido incremento da poboación de idade e da súa esperanza de vida, así como polas dificultades existentes na lexislación do noso país para facer fronte a eses retos, que se viron acentuados pola situación económica global e que motivan a conveniencia de incorporar as correspondentes modificacións no noso sistema.

III

Todas estas realidades foron tidas en conta no marco do diálogo social, no que os interlocutores sociais e o Goberno subscribiron, con data do 2 de febreiro de 2011, o Acordo social e económico para o crecemento, o emprego e a garantía das pensións, cuxa parte II está referida ao Acordo para a reforma e o fortalecemento do sistema público de pensións, no marco do cal se recollen unha serie de compromisos.

As medidas enumeradas no acordo indicado, seguindo as orientacións contidas no Informe de avaliación e reforma do Pacto de Toledo, aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados na súa sesión do 25 de xaneiro de 2011, diríxense a anticipar as reformas necesarias na estrutura do sistema para que este poida responder con eficacia aos novos desafíos e estar en condicións óptimas de seguir provendo a máis ampla cobertura protectora posible ante os riscos sociais, dentro dun sistema de seguridade social financeiramente estable e sólido que garanta ás xeracións futuras prestacións sociais abundas.

En consecuencia, esta lei, dentro deses obxectivos sinalados, ten como finalidade levar ao ordenamento da seguridade social os compromisos recollidos no Acordo social e económico mencionado, así como incorporar algunhas das recomendacións reflectidas na nova reformulación do Pacto de Toledo.

IV

A lei estrutúrase en nove artigos, cincuenta e dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria única, unha disposición derogatoria única e doce disposicións derradeiras.

O artigo 1 da lei, de acordo coa recomendación 15.^a do informe parlamentario, reforza o principio de suficiencia e a garantía de solidariedade mediante unha adecuada coordinación das esferas contributiva e non contributiva de protección. Neste sentido, modifica o réxime xurídico dos complementos para mínimos das pensións contributivas, de maneira que en ningún caso o importe de tales complementos sexa superior á contía das pensións de xubilación e invalidez nas súas modalidades non contributivas vixentes en cada momento, de conformidade, así mesmo, coas recomendacións do Pacto de Toledo, establecéndose algunhas excepcións no que se refire ás pensións de grande

invalidez, así como ás pensións de orfandade, que se incrementan na contía da pensión de viuvez, dadas as particularidades que concorren en ambos os supostos. Tamén se exige a residencia en territorio español como requisito para percibir estes complementos.

O artigo 2 ten en conta que a modificación que esta lei leva a cabo da idade de xubilación e das porcentaxes que se atribúen por ano cotizado para efectos de cálculo da pensión de xubilación ten unha implicación directa nas normas que regulan a exoneración da obriga de cotizar por contingencias comúns, agás por incapacidade temporal, cando o traballador continúe traballando con 65 ou máis anos de idade feitos. En consecuencia, a lei especifica as diferentes idades e os distintos períodos de cotización acreditados desde os cales é factible acceder a unha pensión de xubilación calculada coa porcentaxe do 100 por 100, circunstancia que é xustamente a que xustifica que poida recoñecerse unha exoneración da obriga de cotizar, sen que isto vaia en detrimento do importe da pensión de xubilación que se recoñeza no futuro.

Polo que se refire ao réxime xurídico da pensión de incapacidade permanente, o artigo 3 da lei adecua a fórmula de cálculo para determinar a base reguladora da incapacidade permanente ás regras de cálculo que se establecen para a pensión de xubilación. Ademais, no que se refire á integración de lagoas polos períodos en que o traballador non tivo obriga de cotizar, establece, de conformidade coa nova regulación da pensión de xubilación, unhas novas regras que teñen en conta os esforzos de cotización realizados, dentro do obxectivo de incrementar o principio de contributividade.

Así mesmo, clarifícase a compatibilidade na percepción da pensión á cal se teña dereito pola declaración de incapacidade total na profesión habitual coa realización de funcións e actividades distintas ás que habitualmente se viñan realizando, tanto na mesma empresa como noutra distinta, como é o caso dos colectivos que teñen establecidas e reguladas funcións denominadas de segunda actividade.

Por outra banda, establécese a incompatibilidade da pensión de incapacidade permanente absoluta e de grande invalidez co traballo despois da idade ordinaria de xubilación, dado que a compatibilidade é unha boa medida para favorecer a reinserción dos beneficiarios no mundo laboral, pero perde o seu sentido despois de acadar a idade de xubilación, seguindo para o efecto a recomendación 18.^a da nova reformulación do Pacto de Toledo.

O artigo 4 da lei introduce modificacións no réxime xurídico da pensión de xubilación. Conforme os compromisos recollidos no Acordo do 2 de febreiro de 2011, prevense os 67 anos como idade de acceso á xubilación, ao tempo que se mantén esta en 65 anos para quen cotizase 38 anos e 6 meses.

Como corresponde a un sistema legal dinámico que afecta dereitos para cuxo exercicio é necesario un longo período de cotización, a implantación dos novos requisitos de idade realízase de forma progresiva e gradual, nun período de quince anos, período aplicable que tamén se aplica para completar os períodos de cotización que permiten o acceso á pensión a partir dos 65 anos, de xeito que, partindo de 35 anos e 3 meses en 2013, o período de 38 anos de cotización e 6 meses será exixido no exercicio de 2027.

Por outra banda, de acordo coas recomendacións do Pacto de Toledo, e coa finalidade de reforzar o principio de contributividade do sistema da Seguridade Social, lograr unha maior proporcionalidade entre as cotizacións efectuadas polo interesado nos anos previos á xubilación e a contía da prestación e dotar o sistema dunha maior equidade no procedemento de cálculo das pensións de xubilación, modifícase o sistema de cálculo da pensión de xubilación, que pasa a ser de 25 anos, aínda que cunha aplicación paulatina, na forma recollida no Acordo social e económico, ata o ano 2022, o que neutraliza o seu impacto en quen se atope próximo á idade de xubilación.

Realízase tamén o incremento, sen esquecer a necesidade de paliar as consecuencias negativas experimentadas polos traballadores de máis idade expulsados prematuramente do mercado laboral, de xeito que as persoas afectadas polas devanditas situacións negativas, incluídos os traballadores autónomos, poidan optar, ata o 31 de decembro de 2016, pola aplicación dun período de cálculo de 20 anos, e a partir do 1 de xaneiro de

2017, pola aplicación dun período de 25 anos, sen suxeitarse a normas transitorias, cando isto poida resultar máis favorable.

Pola súa vez e para todos os casos, o artigo 4, para os supostos en que, dentro do período de tempo considerado para o cálculo da base reguladora, apareceren lagoas de cotización correspondentes a períodos durante os cales non existise obriga de cotizar, prevé novas regras respecto do mecanismo denominado «recheo de lagoas», que teñen en conta os esforzos de cotización realizados, dentro do obxectivo de incrementar o principio de contributividade, que, xunto co da solidariedade, constitúen as bases dun sistema público de pensións.

O punto cinco do artigo 4 modifica o período de tempo preciso para acadar o 100 por 100 da base reguladora da pensión, establecendo as seguintes porcentaxes aplicables á base reguladora: polos primeiros 15 anos cotizados, o 50 por 100; e a partir do ano décimo sexto, por cada mes adicional de cotización, comprendidos entre os meses 1 e 248, o 0,19 por 100, e os que pasen o mes 248, o 0,18 por 100, sen que a porcentaxe aplicable á base reguladora supere o 100 por 100, agás nos casos en que se acceda á pensión cunha idade superior á que resulte aplicable. Porque, neste último caso e sempre que ao facer a devandita idade se tiver reunido o período mínimo de cotización de 15 anos, recoñeceráselle ao interesado unha porcentaxe adicional consistente entre un 2 e un 4 por 100 por cada ano completo transcorrido entre a data en que fixo a dita idade e a do feito causante da pensión, en función do número de anos cotizados que se acrediten. As novas porcentaxes sinaladas no parágrafo anterior aplicaranse a partir do 1 de xaneiro de 2027. Ata a dita data, establécese o período transitorio e gradual que se contén no punto seis do artigo 4 desta lei.

No seu artigo 5, a lei non descoñece que poden existir situacións persoais que inflúan na decisión de acceder a unha pensión de xubilación e que, nunha sociedade moderna, orientada cara a unha legalidade ao servizo das persoas, os sistemas de seguridade social non deben limitarse a impor regras ríxidas que ignoren que a xubilación é un feito decisivo na vida dos traballadores. Neste ámbito, a recomendación 12.^a do Pacto de Toledo considera e constata que a xubilación anticipada se converteu, basicamente, nunha fórmula de regulación de emprego, polo que a súa formulación legal debe cambiar, reservando o acceso anticipado á pensión de xubilación para os casos en que se acrediten longas carreiras de cotización.

Por iso, seguindo os criterios recollidos no Acordo social e económico, establécese dúas fórmulas adicionais de anticipación da pensión de xubilación con coeficientes redutores da contía: unha, a que deriva do cesamento non voluntario do traballador na súa actividade; e outra, a que deriva do cesamento voluntario. Para ambas as modalidades será necesario acreditar un período mínimo de cotización de 36 anos e, en ambos os supostos, a contía da pensión vese minorada con aplicación dos coeficientes redutores que se sinalan no punto un do artigo 5.

Respecto da primeira modalidade, vinculada a unha extinción da relación laboral non imputable ao traballador, será preciso ter feitos 61 anos de idade, estar inscrito na oficina de emprego como demandante de emprego durante un prazo de, polo menos, 6 meses inmediatamente anteriores á data de solicitude e que a extinción laboral se producise por causas económicas conforme os artigos 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores ou por morte, xubilación ou incapacidade do empresario individual, como consecuencia dun procedemento concursal ou por violencia de xénero. Respecto do segundo suposto de xubilación anticipada, vinculada ao cesamento voluntario, será necesario ter feitos 63 anos de idade e que a pensión resultante sexa superior ao importe da pensión mínima que correspondería ao interesado tendo en conta a súa situación familiar.

Finalmente, o artigo 5 mantén a posibilidade de xubilación anticipada dos traballadores que tiveren a condición de mutualista o 1 de xaneiro de 1967, nos termos regulados na lexislación anterior á entrada en vigor desta lei.

O artigo 6 refírese á xubilación parcial, en cuxa regulación se incorporan dúas modificacións. Dunha banda, mantense a posibilidade de acceso á xubilación parcial sen a necesidade de formalizar simultaneamente un contrato de remuda para aqueles que

acadasen a idade legal de xubilación, que, de acordo coas modificacións que esta lei leva a cabo, queda situada entre 65 e 67 anos, segundo os supostos, e aplicada de forma paulatina, nos termos sinalados.

Pola súa banda, e nos casos en que a xubilación parcial precisa da formalización simultánea dun contrato de remuda, a lei sinala que deberá existir unha correspondencia entre as bases de cotización do traballador remudista e do xubilado parcial, de xeito que a correspondente ao traballador remudista non poderá ser inferior ao 65 por 100 da base pola que viña cotizando o traballador que accede á xubilación parcial.

Ademais, en relación coa cotización durante o período de compatibilidade da pensión de xubilación parcial co traballo a tempo parcial, e sen prexuízo da redución de xornada, a empresa e o traballador, de acordo co Acordo social e económico, deberán cotizar pola base de cotización que, de ser o caso, tería correspondido de seguir traballando a xornada completa. Esta novidade en materia de cotización aplicarase de forma gradual elevando as bases de cotización nun 5 por 100 por cada ano transcorrido desde o inicio da vixencia desta lei, ata a súa completa aplicación a partir do 1 de xaneiro do ano 2027.

No seu artigo 7 a lei leva a cabo unha ampliación da cobertura por accidentes de traballo e enfermidades, de modo que se xeneraliza a protección polas ditas contingencias, pasando a formar parte da acción protectora de todos os réximes que integran o sistema de seguridade social, aínda que con respecto aos traballadores que causen alta en calquera de tales réximes a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Como consecuencia das recomendacións da Comisión do Pacto de Toledo, a lei introduce o denominado factor de sustentabilidade do sistema de seguridade social no seu artigo 8, de xeito que, a partir de 2027, os parámetros fundamentais do sistema se revisarán polas diferenzas entre a evolución da esperanza de vida aos 67 anos da poboación no ano en que se efectúe a revisión e a esperanza de vida aos 67 anos en 2027. As devanditas revisións efectuaranse cada cinco anos.

En materia de beneficios polo coidado de fillos, o artigo 9 engade unha nova disposición adicional á Lei xeral da Seguridade Social, de conformidade coa cal se computará como período de cotización, para todos os efectos, o período de interrupción da actividade laboral motivada polo nacemento dun fillo ou por adopción ou acollemento dun menor de 6 anos, cando a devandita interrupción se produza no período comprendido entre o inicio do noveno mes anterior ao nacemento ou ao terceiro mes anterior á adopción ou ao acollemento e a finalización do sexto ano posterior á devandita situación. A duración deste cómputo como período cotizado para os ditos efectos será de 112 días por cada fillo ou menor adoptado ou acollido. O citado período incrementarase anualmente, a partir do ano 2013 e ata o ano 2018, ata un máximo de 270 días por fillo, sen que en ningún caso poida ser superior á interrupción real da actividade laboral.

Ademais, este artigo introduce unha nova redacción do punto un do artigo 180 da Lei xeral da Seguridade Social, en virtude da cal se considerarán como cotizados para efectos das prestacións de xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, maternidade e paternidade os tres anos de que os traballadores gocen por coidado de fillo nos supostos de nacemento, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.

A disposición adicional primeira da lei establece que nas leis de orzamentos xerais do Estado para 2012 e para os exercicios seguintes se incluírán as previsións normativas necesarias para cumprir as recomendacións incluídas no Pacto de Toledo en relación coa reformulación das prestacións de morte e supervivencia. Pola súa banda, a disposición adicional segunda, conforme os compromisos contidos no Acordo social e económico, establece que o Ministerio de Traballo e Inmigración proceda, a partir da publicación da lei, a reordenar as modalidades de convenios especiais, fixando prazos de subscripción destes. Ordénase así mesmo ao Goberno a regulación regulamentaria dunha nova modalidade de convenio especial para aquelas persoas que, sen teren estado previamente afiliadas ao sistema da Seguridade Social, participen, de forma remunerada, en programas formativos sen quedaren vinculadas por unha relación laboral.

A nova reformulación do Pacto de Toledo recomenda ampliar a cobertura social a colectivos que, na actualidade, están excluídos dela, entre os cales se atopan as persoas

que efectúan determinados programas de investigación, baixo a figura de bolseiros, finalidade que tamén se recolle no Acordo sobre a reforma e o fortalecemento do sistema público de pensións. Para cumprir esa finalidade, a disposición adicional terceira refírese ás persoas que participan en programas de formación, financiados por organismos ou entidades públicos ou privados que, vinculados a estudos universitarios ou de formación profesional, comporten contraprestación económica para os afectados. En tales supostos, facúltase o Goberno para que adopte as disposicións oportunas para a súa inclusión na Seguridade Social, sempre que, en razón da realización dos ditos programas, e conforme as disposicións en vigor, non estean obrigados a estar de alta no respectivo réxime da Seguridade Social. Ademais, posibilitase a subscripción dun convenio especial que posibilite o cómputo de cotizacións polos períodos de formación realizados con anterioridade, ata un máximo de dous anos.

A disposición adicional cuarta ordena ao Goberno que, no prazo dun ano, presente ante a Comisión non Permanente de Seguimento e Avaliación dos Acordos do Pacto de Toledo un estudo, coa correspondente valoración económica, en relación co contido a que se refire a recomendación 5.^a do Pacto de Toledo relativa á adecuación das bases e períodos de cotización. Encárgase, igualmente, ao Goberno, mediante a disposición adicional quinta, que elabore un estudo con propostas de actuación en relación coa recomendación 17.^a do Pacto de Toledo, relativa á protección social da muller, en especial sobre as medidas que se deben adoptar para impulsar os mecanismos que incorporen os períodos de atención e coidado dos fillos ou persoas dependentes como elementos que cómpre considerar nas carreiras de cotización das mulleres.

A disposición adicional sexta, pola súa banda, modifica a regulación do convenio especial que se subscriba en expedientes de regulación de emprego, para adaptala ás novas idades de xubilación previstas na lei.

A disposición adicional sétima acolle un cambio institucional na organización xestora da Seguridade Social, que se enmarca nas orientacións da recomendación 8.^a do Pacto de Toledo respecto da relación existente entre a eficacia e lexitimidade dos mecanismos de protección social tamén e unha xestión que responda adecuadamente, con axilidade e de forma simplificada, ás demandas dos cidadáns. Por ese motivo a lei autoriza o Goberno para crear a Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social, cuxo obxecto é levar a cabo, en nome e por conta do Estado, a xestión e demais actos de aplicación efectiva do sistema da Seguridade Social, así como aqueloutras funcións que se lle encomenden, integrándose nestas as funcións relativas á afiliación, cotización, recadación, pagamento e xestión das prestacións económicas, agás as correspondentes á cobertura de desemprego.

A constitución e entrada en funcionamento da Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social producirase coa aprobación do seu estatuto por real decreto acordado en Consello de Ministros e adoptado por proposta conxunta dos ministerios de Política Territorial e Administración Pública, de Economía e Facenda e de Traballo e Inmigración, logo de negociación coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

A disposición adicional oitava encárgalle ao Goberno que, no prazo dun ano desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» desta lei, estude e avalíe os efectos e o impacto que sobre o cálculo das pensións terán as novas regras de integración de lagoas para que, en función dos resultados da dita avaliación, se leven a cabo as adaptacións, modificacións e cambios que resulten precisos para corrixir as distorsións que tal avaliación evidenciase. Nesa avaliación e posible adaptación posterior, abordarase de maneira específica a situación das carreiras de cotización en que teña incidencia a contratación a tempo parcial e a de fixos discontinuos.

O contido das restantes disposicións adicionais enmárcase dentro dalgunhas das orientacións da nova reformulación do Pacto de Toledo ou dos compromisos recollidos no Acordo para a reforma e fortalecemento do sistema público de pensións. En tal sentido, a disposición adicional novena diríxese á adecuación das bases de cotización no réxime especial de autónomos, relacionando a variación dos seus importes co que experimenten as bases medias do réxime xeral, mentres que a adicional décima se remite aos

interlocutores sociais para que, xunto co Goberno, procedan a examinar a relación entre as bases máximas de cotización e os salarios medios, a fin de manter o carácter contributivo do sistema.

Conforme o Acordo social e económico, a través da disposición adicional décimo primeira sitúa no marco do diálogo social o estudo sobre a conveniencia de establecer posibles escenarios de financiamento complementario do noso sistema de seguridade social no medio e longo prazo, ao tempo que na adicional décimo segunda se lle encarga ao Goberno facer compatibles os obxectivos de consolidación e estabilidade orzamentaria cos de pleno financiamento das prestacións non contributivas e universais a cargo dos orzamentos das administracións públicas.

Pola súa vez, para levar a cabo o establecido na recomendación 15.^a do Pacto de Toledo e con base no contido, neste ámbito, do Acordo social e económico, a disposición adicional décimo terceira encoméndalle ao Goberno que reforce, desde a vertente non contributiva, as pensións dos maiores que viven en unidades económicas unipersoais, sen facer distincións por razón da continxencia protexida.

Finalmente, a disposición adicional décimo cuarta ten como finalidade levar ao ordenamento xurídico da Seguridade Social o establecido no Acordo sobre a reforma e o reforzamento do sistema público de pensións, en relación coa xestión levada a cabo polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Considerando que a cota de continxencias profesionais de seguridade social xa leva incorporado un elemento de capitalización (capitais custo) que prevé desprazamentos futuros do gasto, e, polo tanto, a súa contía debe axustarse aos custos das prestacións e da súa xestión, e da prevención da sinistralidade e demais riscos laborais para cada sector de actividade, durante o período de cinco anos a partir da vixencia da lei, deberase realizar unha avaliación anual dos custos das prestacións derivadas de continxencias profesionais. Así mesmo, prevese o establecemento de programas de xestión dos procesos de incapacidade temporal de moi escasa duración, ou a actualización dos órganos directivos das devanditas entidades colaboradoras do sistema da Seguridade Social.

A disposición adicional trixésima ten como finalidade trasladar á normativa da seguridade social a recomendación número 13 do Pacto de Toledo, en relación coa necesidade de mellora da acción protectora da pensión de viuvez nos beneficiarios maiores de 65 anos en que esta pensión sexa a súa principal fonte de ingresos. Desta forma, tal e como recomenda o Pacto de Toledo, increméntase a porcentaxe da base reguladora, do actual 52 por 100 ao 60 por 100, de forma gradual en oito anos a partir do 1 de xaneiro de 2012, que se utiliza para calcular a pensión de viuvez. Asemade, mandátase o Goberno para regular un mecanismo corrector que permita unha maior progresividade na tributación no imposto sobre a renda das persoas físicas ata un importe equivalente á pensión mínima de viuvez, no caso de pensións de viuvez que se acumulen exclusivamente con rendas procedentes do traballo ou outras pensións.

A disposición derogatoria única establece unha derogación xenérica respecto das normas de igual ou inferior rango que se opoñan a esta lei. Así mesmo, prevese a derogación de determinados preceptos do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, no momento de constitución e entrada en funcionamento da Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social, así como o Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo, regulador da modalidade de xubilación especial aos 64 anos, sen prexuízo das previsións que derivan da disposición derradeira décima.

A disposición derradeira primeira modifica os puntos 6 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, que regula a redución de xornada e do salario dos traballadores para que poidan acceder á xubilación parcial e a formalización do contrato de remuda para axustar a dita normativa ás previsións que sobre xubilación parcial se prevén no artigo 6 desta lei.

Despois de establecer, a través das disposicións derradeiras segunda e terceira, respectivamente, o título competencial en que esta lei se ampara e de autorizar o Goberno e o ministro de Traballo e Inmigración para ditar as disposicións de desenvolvemento

dela, mediante as disposicións derradeiras cuarta e quinta modifícase o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social co obxecto, na primeira delas, de que os datos da Seguridade Social poidan ser cedidos a terceiros, e propiciar que a Intervención Xeral da Seguridade Social poida exercer mellor as funcións que ten asignadas en materia de control interno, mentres que, por medio da segunda, se ditan as regras sobre a aplicación da reforma contida na lei aos diferentes réximes que conforman a estrutura do sistema da Seguridade Social.

Finalmente, a disposición derradeira décimo segunda, por unha banda, determina a entrada en vigor desta lei e, por outra, conforme os contidos do Acordo social e económico, mantén a aplicación das normas reguladoras da xubilación vixentes no momento da entrada en vigor desta lei ás persoas cuxa relación laboral se extingue antes da publicación desta lei, así como aos que vexan suspendida ou extinguida a súa relación laboral como consecuencia de decisións adoptadas en expedientes de regulación de emprego ou por medio de convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresa, incluídos os supostos de extincións derivadas de plans sectoriais de ordenación e reestruturación, así como por decisións adoptadas en procedementos concursais, aprobados ou subscritos en todos os supostos con anterioridade á data de publicación desta lei, con independencia de que a extinción da relación laboral se producise con anterioridade ou posterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.

Artigo 1. *Complementos para pensións inferiores á mínima.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. Dáselle unha nova redacción ao artigo 50, nos seguintes termos:

«Artigo 50. *Complementos para pensións inferiores á mínima.*

1. Os beneficiarios de pensións do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, que non perciban rendementos do traballo, do capital ou de actividades económicas e ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para as devanditas rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas, ou que, percibíndoos, non excedan a contía que anualmente estableza a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado, terán dereito a percibir os complementos necesarios para acadar a contía mínima das pensións, sempre que residan en territorio español, nos termos que legal ou regulamentariamente se determinen.

Os complementos por mínimos serán incompatibles coa percepción polo pensionista dos rendementos indicados no parágrafo anterior, cando a suma de todas as percepcións mencionadas, excluída a pensión que se vaia complementar, exceda o límite fixado na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio.

Para efectos do recoñecemento dos complementos por mínimos das pensións contributivas da Seguridade Social, dos rendementos íntegros percibidos polo pensionista, e computados nos termos establecidos na lexislación fiscal, excluíranse os seguintes:

- a) Nos rendementos íntegros procedentes do traballo, os gastos deducibles, de acordo coa lexislación fiscal.
- b) Nos rendementos íntegros procedentes de actividades económicas, os gastos deducibles, de acordo coa lexislación fiscal.
- c) Nos rendementos íntegros procedentes de bens inmobles, os gastos deducibles, de acordo coa lexislación fiscal.

2. O importe dos ditos complementos en ningún caso poderá superar a contía establecida en cada exercicio para as pensións de xubilación e invalidez na súa

modalidade non contributiva. Cando exista cónxuxe a cargo do pensionista, o importe de tales complementos non poderá superar a contía que correspondería á pensión non contributiva por aplicación do establecido no número 1, 1.º, do artigo 145 para as unidades económicas nas cales concorran dous beneficiarios con dereito a pensión.

Cando a pensión de orfandade se incremente na contía da pensión de viuvez, o límite da contía dos complementos para mínimos a que se refire o parágrafo anterior só quedará referido ao da pensión de viuvez que xera o incremento da pensión de orfandade.

Os pensionistas de grande invalidez que teñan recoñecido o complemento destinado a remunerar a persoa que os atende non resultarán afectados polos límites establecidos neste punto.»

Dous. Introdúcese unha nova disposición adicional, a quincuaxésimo cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quincuaxésimo cuarta. *Complementos para mínimos para pensións contributivas.*

1. A limitación prevista no número 2 do artigo 50 con respecto á contía dos complementos necesarios para acadar a contía mínima de pensións non será aplicable en relación coas pensións que fosen causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.

2. Así mesmo, o requisito de residencia en territorio español a que fai referencia o número 1 do artigo 50 para ter dereito ao complemento para acadar a contía mínima das pensións exixirase para aquelas pensións cuxo feito causante se produza a partir do día 1 de xaneiro de 2013.»

Artigo 2. *Exención parcial da obriga de cotizar.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. Dáselle unha nova redacción ao artigo 112 bis, nos seguintes termos:

«Artigo 112 bis. *Cotización con 65 ou máis anos.*

1. Os empresarios e traballadores quedarán exentos de cotizar á Seguridade Social por contingencias comúns, agás por incapacidade temporal derivada destas, respecto daqueles traballadores por conta allea con contratos de traballo de carácter indefinido, así como dos socios traballadores ou de traballo das cooperativas, sempre que se atopen nalgún destes supostos:

65 anos de idade e 38 anos e 6 meses de cotización.

67 anos de idade e 37 anos de cotización.

En todos os casos citados, para efectos do cómputo de anos de cotización non se tomarán en conta as partes proporcionais de pagas extraordinarias.

2. Se ao acadar a idade correspondente a que se refire o número anterior o traballador non tiver cotizado o número de anos en cada caso requirido, a exención prevista neste artigo será aplicable a partir da data en que se acrediten os anos de cotización exixidos para cada suposto.

3. As exencións establecidas neste artigo non serán aplicables ás cotizacións relativas a traballadores que presten os seus servizos nas administracións públicas ou nos organismos públicos regulados no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.»

Dous. Dáselle unha nova redacción á disposición adicional trixésimo segunda, nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo segunda. *Exoneración de cotas respecto dos traballadores por conta propia con 65 ou máis anos.*

1. Os traballadores por conta propia incluídos no campo de aplicación do réxime especial de traballadores do mar e do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos quedarán exentos de cotizar á Seguridade Social, agás, se é o caso, por incapacidade temporal e por continxencias profesionais, sempre que se atopen nalgún destes supostos:

65 anos de idade e 38 anos e 6 meses de cotización.

67 anos de idade e 37 anos de cotización.

En todos os casos citados, para efectos do cómputo de anos de cotización non se tomarán en conta as partes proporcionais de pagas extraordinarias.

2. Se ao acadar a idade correspondente a que se refire o número anterior o traballador non tiver cotizado o número de anos en cada caso requirido, a exención prevista neste artigo será aplicable a partir da data en que se acrediten os anos de cotización exixidos para cada suposto.

3. Polos períodos de actividade en que o traballador non efectuase cotizacións, nos termos previstos no número 1, para efectos de determinar a base reguladora das prestacións excluídas de cotización, as bases de cotización correspondentes ás mensualidades de cada exercicio económico exentas de cotización serán equivalentes ao resultado de incrementar a media das bases de cotización do ano natural inmediatamente anterior na porcentaxe de variación media coñecida do índice de prezos de consumo no último ano indicado, sen que as bases así calculadas poidan ser inferiores ás contías das bases mínimas ou únicas de cotización fixadas anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado para os traballadores por conta propia incluídos nos réximes especiais da seguridade social a que se refire o punto anterior.»

Tres. Introdúcese unha nova disposición adicional, a quincuaxésimo quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quincuaxésimo quinta. *Cómputo para efectos de pensión de xubilación de períodos con exoneración de cotas de traballadores con 65 ou máis anos.*

Con respecto aos traballadores que desen ocasión ás exencións da obriga de cotizar previstas no artigo 112 bis e na disposición adicional trixésimo segunda con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 e que accedan ao dereito á pensión de xubilación con posterioridade á devandita data, o período durante o cal se estendesen as ditas exencións será considerado como cotizado para efectos do cálculo da pensión correspondente.»

Artigo 3. *Incapacidade permanente.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. Dáselle unha nova redacción á alínea b) do número 1 e ao número 4 do artigo 140, nos seguintes termos:

«b) Ao resultado obtido en razón do establecido na norma anterior aplicaráselle a porcentaxe que corresponda en función dos anos de cotización, segundo a escala prevista no número 1 do artigo 163, considerándose para ese

efecto como cotizados os anos que lle resten ao interesado, na data do feito causante, para acadar a idade ordinaria de xubilación vixente en cada momento. No caso de non se acadar 15 anos de cotización, a porcentaxe aplicable será do 50 por 100.

O importe resultante constituirá a base reguladora á cal, para obter a contía da pensión que corresponda, deberá aplicarse a porcentaxe prevista para o grao de incapacidade recoñecido.»

«4. Se no período que deba tomarse para o cálculo da base reguladora apareceren períodos durante os cales non existise a obriga de cotizar, as ditas lagoas integraranse de acordo coas seguintes regras:

Primeira. Se durante os trinta e seis meses previos ao período que debe tomarse para o cálculo da base reguladora existiren mensualidades con cotizacións, cada unha das correspondentes bases de cotización dará dereito, na súa contía actualizada, á integración de 1 mensalidade con lagoa de cotización e ata un máximo de 24, a partir da mensalidade máis próxima ao feito causante da pensión, nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente.

En ningún caso a integración poderá ser inferior ao 100 por 100 da base mínima vixente na data correspondente á mensalidade que é obxecto de integración.

Segunda. As vinte e catro mensualidades con lagoas máis próximas ao período ao que se refire a regra anterior integraranse co 100 por 100 da base mínima vixente na data correspondente á mensalidade que é obxecto de integración.

Terceira. O resto de mensualidades con lagoas de cotización integraranse co 50 por 100 da base mínima vixente na data correspondente á mensalidade que é obxecto de integración.

Nos supostos en que nalgún dos meses que se deban ter en conta para a determinación da base reguladora a obriga de cotizar exista só durante unha parte del, procederá a integración sinalada nos parágrafos anteriores pola parte do mes en que non exista obriga de cotizar, sempre que a base de cotización relativa ao primeiro período non acade a contía mensual que corresponda segundo a regra de integración que resulte aplicable en cada caso. En tal suposto, a integración acadará ata esta última contía.»

Dous. O primeiro parágrafo do número 1 do artigo 141 queda redactado nos seguintes termos:

«1. No caso de incapacidade permanente total para a profesión que exercía o interesado ou do grupo profesional en que aquela estaba encadrada, a pensión vitalicia correspondente será compatible co salario que poida percibir o traballador na mesma empresa ou noutra distinta, sempre e cando as funcións non coincidan con aquelas que deron lugar á incapacidade permanente total.»

Tres. Engádesse un punto 3 ao artigo 141, coa seguinte redacción:

«3. O gozo da pensión de incapacidade permanente absoluta e de grande invalidez a partir da idade de acceso á pensión de xubilación será incompatible co desempeño polo pensionista dun traballo, por conta propia ou por conta allea, que determine a súa inclusión nalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, nos mesmos termos e condicións que os regulados para a pensión de xubilación na súa modalidade contributiva no número 1 do artigo 165 desta lei.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional, a quincuaxésimo sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quincuaxésimo sexta. *Lesións permanentes non invalidantes.*

O Ministerio de Traballo e Inmigración procederá a actualizar os importes, segundo baremo, das lesións permanentes non invalidantes, derivadas de contingencias profesionais, recoñecidas pola Seguridade Social.»

Artigo 4. *Xubilación.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. Dáselle unha nova redacción ao número 1 do artigo 161, nos seguintes termos:

«1. Terán dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, as persoas incluídas neste réxime xeral que, ademais da xeral exixida no número 1 do artigo 124, reúnan as seguintes condicións:

a) Ter feitos 67 anos de idade, ou 65 anos cando se acrediten 38 anos e 6 meses de cotización, sen que se teña en conta a parte proporcional correspondente ás pagas extraordinarias.

Para o cómputo dos anos e meses de cotización tomaranse anos e meses completos, sen que se equiparen a un ano ou un mes as fraccións deles.

b) Ter cuberto un período mínimo de cotización de 15 anos, dos cales polo menos 2 deberán estar comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito. Para efectos do cómputo dos anos cotizados non se terá en conta a parte proporcional correspondente por pagas extraordinarias.

Nos supostos en que se acceda á pensión de xubilación desde unha situación de alta ou asimilada á alta, sen obriga de cotizar, o período de 2 anos a que se refire o parágrafo anterior deberá estar comprendido dentro dos 15 anos anteriores á data en que cesou a obriga de cotizar.

Nos casos a que se refire o parágrafo anterior, e respecto da determinación da base reguladora da pensión, aplicarase o establecido no número 1 do artigo 162.»

Dous. Incorpórase unha nova disposición transitoria, a vixésima, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésima. *Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización.*

As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire a alínea a) do número 1 do artigo 161 aplicaranse de forma gradual, nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade exixida
2013	35 anos e 3 meses ou máis.	65 anos
	Menos de 35 anos e 3 meses.	65 anos e 1 mes.
2014	35 anos e 6 meses ou máis.	65 anos
	Menos de 35 anos e 6 meses.	65 anos e 2 meses.
2015	35 anos e 9 meses ou máis.	65 anos
	Menos de 35 anos e 9 meses.	65 anos e 3 meses.
2016	36 ou máis anos.	65 anos
	Menos de 36 anos.	65 anos e 4 meses.
2017	36 anos e 3 meses ou máis.	65 anos
	Menos de 36 anos e 3 meses.	65 anos e 5 meses.
2018	36 anos e 6 meses ou máis.	65 anos
	Menos de 36 anos e 6 meses.	65 anos e 6 meses.

Ano	Períodos cotizados	Idade exixida
2019	36 anos e 9 meses ou máis.	65 anos
	Menos de 36 anos e 9 meses.	65 anos e 8 meses.
2020	37 ou máis anos.	65 anos
	Menos de 37 anos.	65 anos e 10 meses.
2021	37 anos e 3 meses ou máis.	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses.	66 anos.
2022	37 anos e 6 meses ou máis.	66 anos
	Menos de 37 anos e 6 meses.	66 anos e 2 meses.
2023	37 anos e 9 meses ou máis.	65 anos
	Menos de 37 anos e 9 meses.	66 anos e 4 meses.
2024	38 ou máis anos.	65 anos
	Menos de 38 anos.	66 anos e 6 meses.
2025	38 anos e 3 meses ou máis.	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses.	66 anos e 8 meses.
2026	38 anos e 6 meses ou máis.	65 anos
	Menos de 38 anos e 6 meses.	66 anos e 10 meses.
A partir do ano 2027	38 anos e 6 meses ou máis.	65 anos
	Menos de 38 anos e 6 meses.	67 anos.

Tres. Dáselle unha nova redacción ao número 1 do artigo 162, nos seguintes termos:

«1. A base reguladora da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, será o cociente que resulte de dividir por 350 as bases de cotización do beneficiario durante os 300 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante.

1.1 O cómputo das bases a que se refire o parágrafo anterior realizarase conforme as seguintes regras, das que é expresión matemática a fórmula que figura ao final deste punto.

1.^a As bases correspondentes aos 24 meses anteriores ao mes previo ao do feito causante computaranse no seu valor nominal.

2.^a As restantes bases de cotización actualizaranse de acordo coa evolución que experimentase o índice de prezos de consumo desde o mes a que aquelas correspondan, ata o mes inmediato anterior a aquel en que se inicie o período a que se refire a regra anterior.

$$B_r = \frac{\sum_{i=1}^{24} B_i + \sum_{i=25}^{300} B_i \frac{I_{25}}{I_i}}{350}$$

Sendo:

Br = Base reguladora

Bi = Base de cotización do mes i-ésimo anterior ao mes previo ao do feito causante.

Ii = Índice xeral de prezos de consumo do mes i-ésimo anterior ao mes previo ao do feito causante

Sendo i = 1,2,..., 300

1.2 Se no período que deba tomarse para o cálculo da base reguladora apareceren períodos durante os cales non existise a obriga de cotizar, as ditas lagoas integraranse de acordo coas seguintes regras:

1.^a Se durante os trinta e seis meses previos ao período que deba tomarse para o cálculo da base reguladora existiren mensualidades con cotizacións, cada

unha das correspondentes bases de cotización dará dereito, na súa contía actualizada, á integración dunha mensualidade con lagoa de cotización e ata un máximo de vinte e catro, a partir da mensualidade máis próxima ao feito causante da pensión, nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente.

En ningún caso a integración poderá ser inferior ao 100 por 100 da base mínima vixente na data correspondente á mensualidade que é obxecto de integración.

2.^a As vinte e catro mensualidades con lagoas máis próximas ao período a que se refire a regra anterior integraranse co 100 por 100 da base mínima vixente na data correspondente á mensualidade que é obxecto de integración.

3.^a O resto de mensualidades con lagoas de cotización integraranse co 50 por 100 da base mínima vixente na data correspondente á mensualidade que é obxecto de integración.

Nos supostos en que nalgún dos meses que se deben ter en conta para a determinación da base reguladora a obriga de cotizar exista só durante unha parte del, procederá a integración sinalada nos parágrafos anteriores, pola parte do mes en que non exista obriga de cotizar, sempre que a base de cotización relativa ao primeiro período non acade a contía mensual que corresponda segundo a regra de integración que resulte aplicable en cada caso. En tal suposto, a integración acadará ata esta última contía.»

Catro. Dáselle unha nova redacción á disposición transitoria quinta, nos seguintes termos:

«Disposición transitoria quinta. *Normas transitorias sobre a base reguladora da pensión de xubilación.*

1. O previsto no número 1 do artigo 162 desta lei aplicarase de forma gradual do seguinte xeito:

A partir do 1 de xaneiro de 2013, a base reguladora da pensión de xubilación será o resultado de dividir por 224 as bases de cotización durante os 192 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante.

A partir do 1 de xaneiro de 2014, a base reguladora da pensión de xubilación será o resultado de dividir por 238 as bases de cotización durante os 204 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante.

A partir do 1 de xaneiro de 2015, a base reguladora da pensión de xubilación será o resultado de dividir por 252 as bases de cotización durante os 216 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante.

A partir do 1 de xaneiro de 2016, a base reguladora da pensión de xubilación será o resultado de dividir por 266 as bases de cotización durante os 228 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante.

A partir do 1 de xaneiro de 2017, a base reguladora da pensión de xubilación será o resultado de dividir por 280 as bases de cotización durante os 240 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante.

A partir do 1 de xaneiro de 2018, a base reguladora da pensión de xubilación será o resultado de dividir por 294 as bases de cotización durante os 252 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante.

A partir do 1 de xaneiro de 2019, a base reguladora da pensión de xubilación será o resultado de dividir por 308 as bases de cotización durante os 264 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante.

A partir do 1 de xaneiro de 2020, a base reguladora da pensión de xubilación será o resultado de dividir por 322 as bases de cotización durante os 276 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante.

A partir do 1 de xaneiro de 2021, a base reguladora da pensión de xubilación será o resultado de dividir por 336 as bases de cotización durante os 288 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante.

A partir do 1 de xaneiro de 2022, a base reguladora da pensión de xubilación calcularase aplicando, na súa integridade, o establecido no número 1 do artigo 162.

2. Desde o 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2016, para os que cesasen no traballo por causa non imputable á súa libre vontade, polas causas e os supostos previstos no artigo 208.1.1 e, a partir de faceren os 55 anos de idade e polo menos durante 24 meses, experimentasen unha redución das bases de cotización respecto da acreditada con anterioridade á extinción da relación laboral, a base reguladora será o resultado de dividir por 280 as bases de cotización durante os 240 meses inmediatamente anteriores ao mes previo ao do feito causante, sempre que resulte máis favorable que a que lle tería correspondido de acordo co establecido no número anterior.

3. Desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2021, para os que cesasen no traballo por causa non imputable á súa libre vontade, polas causas e os supostos previstos no artigo 208.1.1. e, a partir de faceren os 55 anos de idade e polo menos durante 24 meses, experimentasen unha redución das bases de cotización respecto da acreditada con anterioridade á extinción da relación laboral, a base reguladora será a establecida no número 1 do artigo 162, sempre que resulte máis favorable que a que lle tería correspondido de acordo co establecido no número 1.

4. A determinación da base reguladora da pensión, nos termos regulados nos puntos 2 e 3, resulta aplicable aos traballadores por conta propia ou autónomos con respecto aos cales transcorre un ano desde a data en que se esgotase a prestación por cesamento de actividade, regulada na Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, sempre que o dito cesamento se produza a partir de faceren os 55 anos de idade.»

Cinco. Dáselle unha nova redacción ao artigo 163, nos seguintes termos:

«Artigo 163. *Contía da pensión.*

1. A contía da pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, determinarase aplicando á base reguladora, calculada conforme o disposto no artigo precedente, as porcentaxes seguintes:

1.º Polos primeiros 15 anos cotizados, o 50 por 100.

2.º A partir do ano décimo sexto, por cada mes adicional de cotización, comprendidos entre os meses 1 e 248, engadirase o 0,19 por 100, e polos que pasen o mes 248, engadirase o 0,18 por 100, sen que a porcentaxe aplicable á base reguladora supere o 100 por 100, agás no suposto a que se refire o punto seguinte.

2. Cando se acceda á pensión de xubilación a unha idade superior á que resulte da aplicación en cada caso do establecido na alínea a) do número 1 do artigo 161, sempre que ao facer esta idade se tiver reunido o período mínimo de cotización establecido na alínea b) do citado punto, recoñecerase ao interesado unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado entre a data en que acadou a dita idade e a do feito causante da pensión, cuxa contía estará en función dos anos de cotización acreditados na primeira das datas indicadas, segundo a seguinte escala:

– Ata 25 anos cotizados, o 2 por 100.

– Entre 25 e 37 anos cotizados, o 2,75 por 100.

– A partir de 37 anos cotizados, o 4 por 100.

A porcentaxe adicional obtida segundo o establecido no parágrafo anterior sumárase á que con carácter xeral corresponda ao interesado de acordo co número 1, aplicándose a porcentaxe resultante á respectiva base reguladora para efectos de determinar a contía da pensión, que non poderá ser superior en ningún caso ao límite establecido no artigo 47.

No suposto de que a contía da pensión recoñecida acade o indicado límite sen aplicar a porcentaxe adicional ou aplicándoa só parcialmente, o interesado terá dereito, ademais, a percibir anualmente unha cantidade cuxo importe se obterá aplicando ao importe do devandito límite vixente en cada momento a porcentaxe adicional non utilizada para determinar a contía da pensión, redondeada á unidade máis próxima por exceso. A citada cantidade devengarase por meses vencidos e aboaráse en 14 pagas, sen que a suma do seu importe e o da pensión ou pensións que teña recoñecidas o interesado, en cómputo anual, poida superar a contía do tope máximo da base de cotización vixente en cada momento, tamén en cómputo anual.

O beneficio establecido neste punto non será aplicable nos supostos de xubilación parcial, nin da xubilación flexible a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 165.

3. Cando para determinar a contía dunha pensión de xubilación deban aplicarse coeficientes redutores por idade no momento do feito causante, aqueles aplicaranse sobre o importe da pensión resultante de aplicar á base reguladora a porcentaxe que corresponda por meses de cotización. Unha vez aplicados os referidos coeficientes redutores, o importe resultante da pensión non poderá ser superior á contía resultante de reducir o tope máximo de pensión nun 0,25 por 100 por cada trimestre ou fracción de trimestre de anticipación.»

Seis. Incorpórase unha nova disposición transitoria, a vixésimo primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésimo primeira. *Aplicación das porcentaxes que hai que atribuír aos anos cotizados para a pensión de xubilación.*

As porcentaxes a que se refire o ordinal 2.º do número 1 do artigo 163 serán substituídas polas seguintes:

Durante os anos 2013 a 2019.	Por cada mes adicional de cotización entre os meses 1 e 163, o 0,21 por 100, e polos 83 meses seguintes, o 0,19 por 100.
Durante os anos 2020 a 2022.	Por cada mes adicional de cotización entre os meses 1 e 106, o 0,21 por 100, e polos 146 meses seguintes, o 0,19 por 100.
Durante os anos 2023 a 2026.	Por cada mes adicional de cotización entre os meses 1 e 49, o 0,21 por 100, e polos 209 meses seguintes, o 0,19 por 100.
A partir do ano 2027.	Por cada mes adicional de cotización entre os meses 1 e 248, o 0,19 por 100, e polos 16 meses seguintes, o 0,18 por 100.

Sete. Incorpórase unha nova disposición adicional, a quincuaxésimo sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quincuaxésimo sétima. *Acomodación das referencias á idade mínima de xubilación.*

As referencias á idade mínima ou á de 65 anos que se conteñen nos artigos 112 bis, 161 bis.1 e 2, 166.1 e 2.f) e disposición adicional trixésimo segunda

entenderanse efectuadas á idade que en cada caso resulte da aplicación do establecido na alínea a) do número 1 do artigo 161.»

Artigo 5. *Xubilación anticipada.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. Dáselle unha nova redacción ao número 2 do artigo 161 bis, nos seguintes termos:

«2. Establécense dúas modalidades de acceso á xubilación anticipada: a que deriva do cesamento no traballo por causa non imputable ao traballador e a que deriva da vontade do interesado, para as cales se exixen os seguintes requisitos:

A) Respecto da derivada do cesamento no traballo por causa non imputable á libre vontade do traballador:

a) Ter feitos os 61 anos de idade, sen que para estes efectos resulten aplicables os coeficientes redutores a que se refire o punto anterior.

b) Atoparse inscritos nas oficinas de emprego como demandantes de emprego durante un prazo de, polo menos, 6 meses inmediatamente anteriores á data da solicitude da xubilación.

c) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 33 anos, sen que, para tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. Para estes exclusivos efectos, computarase como cotizado á Seguridade Social o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutiva, co límite máximo dun ano.

d) Que o cesamento no traballo se producise como consecuencia dunha situación de crise ou peche da empresa que impida obxectivamente a continuidade da relación laboral. Para estes efectos, as causas de extinción do contrato de traballo que poderán dar dereito ao acceso a esta modalidade de xubilación anticipada serán as seguintes:

a. O despedimento colectivo por causas económicas autorizado pola autoridade laboral, conforme o artigo 51 do Estatuto dos traballadores.

b. O despedimento obxectivo por causas económicas, conforme o artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores.

c. A extinción do contrato por resolución xudicial, conforme o artigo 64 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

d. A morte, xubilación ou incapacidade do empresario individual, sen prexuízo do disposto no artigo 44 do Estatuto dos traballadores, ou a extinción da personalidade xurídica do contratante.

e. A extinción do contrato de traballo motivada pola existencia de forza maior.

A extinción da relación laboral da muller traballadora como consecuencia de ser vítima da violencia de xénero dará acceso a esta modalidade de xubilación anticipada.

Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este punto A), a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre que, no momento do feito causante, lle falte ao traballador para facer a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido na alínea a) do número 1 do artigo 161, dun coeficiente do 1,875 por 100 por trimestre para os traballadores con menos de 38 anos e 6 meses cotizados, e do 1,625 por 100 por trimestre para os traballadores con 38 anos e 6 meses cotizados ou máis.

Para os efectos de determinar a dita idade legal de xubilación consideraranse cotizados os anos que lle resten ao interesado desde a data do feito causante ata facer a idade que lle corresponda.

Para o cómputo dos períodos de cotización tomaranse períodos completos, sen que se equipare a un período a fracción deste.

B) Respecto do acceso anticipado á xubilación por vontade do interesado:

a) Ter feitos os 63 anos de idade, sen que para estes efectos resulten aplicables os coeficientes redutores a que se refire o punto anterior.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 33 anos, sen que, para tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. Para estes exclusivos efectos, computarase como cotizado á Seguridade Social o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutiva, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da devandita modalidade de xubilación, o importe da pensión debe resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao facer os 65 anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada.

Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este punto B), a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre que, no momento do feito causante, lle falte ao traballador para facer a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido na alínea a) do número 1 do artigo 161, dun coeficiente do 1,875 por 100 por trimestre, para os traballadores con menos de 38 anos e 6 meses cotizados, e do 1,625 por 100 por trimestre para os traballadores con 38 anos e 6 meses cotizados ou máis.

Para os efectos de determinar a devandita idade legal de xubilación consideraranse cotizados os anos que lle resten ao interesado desde a data do feito causante ata facer a idade que lle corresponda.

Para o cómputo dos períodos de cotización tomaranse períodos completos, sen que se equipare a un período a fracción deste.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ao parágrafo primeiro da norma segunda, número 1, da disposición transitoria terceira, nos seguintes termos:

«2.^a). Os que tiveren a condición de mutualista o 1 de xaneiro de 1967 poderán causar o dereito á pensión de xubilación a partir dos 60 anos. En tal caso, a contía da pensión reducirase nun 8 por 100 por cada ano ou fracción de ano que, no momento do feito causante, lle falte ao traballador para facer a idade de 65 anos.»

Artigo 6. *Xubilación parcial.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. Dáselle unha nova redacción ao número 1 e ás alíneas e) e f) do número 2 e engádesse unha nova alínea g) no devandito número 2 do artigo 166, nos seguintes termos:

«1. Os traballadores que acadasen a idade a que se refire a alínea a), número 1, do artigo 161 e reúnan os requisitos para causar dereito á pensión de xubilación, sempre que se produza unha redución da súa xornada de traballo comprendida entre un mínimo dun 25 por 100 e un máximo dun 75 por 100, poderán acceder á xubilación parcial sen necesidade da formalización simultánea dun contrato de

remuda. As porcentaxes indicadas entenderanse referidas á xornada dun traballador a tempo completo comparable.»

«e) Que exista unha correspondencia entre as bases de cotización do traballador remudista e do xubilado parcial, de xeito que a correspondente ao traballador remudista non poderá ser inferior ao 65 por 100 da media das bases de cotización correspondentes aos seis últimos meses do período de base reguladora da pensión de xubilación parcial.»

«f) Os contratos de remuda que se establezan como consecuencia dunha xubilación parcial terán, como mínimo, unha duración igual ao tempo que lle falte ao traballador substituído para acadar a idade a que se refire a alínea a), número 1, do artigo 161.»

«g) Sen prexuízo da redución de xornada a que se refire a alínea c), durante o período de gozo da xubilación parcial, empresa e traballador cotizarán pola base de cotización que, de ser o caso, tería correspondido de este seguir traballando a xornada completa.»

Dous. Engádese un parágrafo segundo á alínea d), número 2, do artigo 166 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«No suposto de persoas con discapacidade ou trastorno mental, o período de cotización exixido será de 25 anos».

Tres. Engádese unha nova disposición transitoria, a vixésimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésimo segunda. *Normas transitorias sobre xubilación parcial.*

1. A exixencia do requisito da idade a que se refire o número 1 e a alínea f) do número 2 do artigo 166 aplicarase de forma gradual, conforme o previsto na disposición transitoria vixésima desta lei.

2. A base de cotización durante a xubilación parcial a que se refire a alínea g) do número 2 do artigo 166 aplicarase de forma gradual conforme as porcentaxes calculadas sobre a base de cotización a xornada completa de acordo coa seguinte escala:

a) Durante o ano 2013, a base de cotización será equivalente ao 30 por 100 da base de cotización que correspondería a xornada completa.

b) Por cada ano transcorrido a partir do ano 2014 incrementarase un 5 por 100 máis ata acadar o 100 por 100 da base de cotización que lle correspondería a xornada completa.

En ningún caso a porcentaxe de base de cotización fixada para cada exercicio na escala anterior poderá resultar inferior á porcentaxe de actividade laboral efectivamente realizada.»

Artigo 7. *Ampliación da cobertura por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.*

Introdúcese unha nova disposición adicional, a quincuaxésimo oitava, no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quincuaxésimo oitava. *Ampliación da cobertura por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2013, a protección fronte ás contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais formará parte da acción

protectora obrigatoria de todos os réximes que integran o sistema da Seguridade Social con respecto aos traballadores que causen alta en calquera deles a partir da indicada data.

Esta protección obrigatoria fronte ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais poderá desenvolverse en réxime de colaboración coa Seguridade Social, nos termos que regulamentariamente se establezan, no caso de socios de cooperativas comprendidos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, sempre que estas cooperativas dispoñan dun sistema intercooperativo de prestacións sociais, complementario ao sistema público, que cubra estas continxencias e que o dito sistema intercooperativo conte, con anterioridade ao 1.1.2013, coa autorización da Seguridade Social para colaborar na xestión da prestación económica de incapacidade temporal».

Artigo 8. *Factor de sustentabilidade do sistema da Seguridade Social.*

Introdúcese unha nova disposición adicional, a quincuaxésimo novena, no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quincuaxésimo novena. *Factor de sustentabilidade do sistema da Seguridade Social.*

Co obxectivo de manter a proporcionalidade entre as contribucións ao sistema e as prestacións esperadas deste e garantir a súa sustentabilidade, a partir de 2027 os parámetros fundamentais do sistema revisaranse polas diferenzas entre a evolución da esperanza de vida aos 67 anos da poboación no ano en que se efectúe a revisión e a esperanza de vida aos 67 anos en 2027. As ditas revisións efectuaranse cada 5 anos, utilizando para este fin as previsións realizadas polos organismos oficiais competentes.»

Artigo 9. *Beneficios por coidados de fillos.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. Introdúcese unha nova disposición adicional, a sesaxésima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sesaxésima. *Beneficios por coidado de fillos ou menores.*

1. Sen prexuízo do disposto na disposición adicional cuadraxésimo cuarta, en calquera réxime de Seguridade Social e para todos os efectos, agás para o cumprimento do período mínimo de cotización exixido, computarase como período cotizado aquel de interrupción da cotización, derivado da extinción da relación laboral ou da finalización do cobramento de prestacións de desemprego producidas entre os nove meses anteriores ao nacemento, ou os tres meses anteriores á adopción ou acollemento permanente e a finalización do sexto ano posterior á devandita situación. A duración deste cómputo como período cotizado será de 112 días por cada fillo ou menor adoptado ou acollido. O devandito período incrementarase anualmente, a partir do ano 2013 e ata o ano 2018, ata acadar o máximo de 270 días por fillo no ano 2019, sen que en ningún caso poida ser superior á interrupción real da cotización. Este beneficio só se recoñecerá a un dos proxenitores. No caso de controversia entre eles outorgaráselle o dereito á nai.

Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, para os exclusivos efectos de determinar a idade de acceso á xubilación prevista na alínea a) do número 1 do artigo 161, e a partir da entrada en vigor desta lei, a duración do cómputo como período cotizado será dun máximo de 270 días cotizados por cada fillo ou menor adoptado ou acollido.

2. En función das posibilidades económicas do sistema da Seguridade Social, poderán adoptarse as disposicións necesarias para que o cómputo, como cotización efectiva, do período de coidado por fillo ou menor, nos termos contidos no parágrafo primeiro do punto anterior, se anticipe antes de 2018, nos supostos de familias numerosas.

3. En calquera caso, a aplicación dos beneficios establecidos nesta disposición non poderá dar lugar a que o período de coidado de fillo ou menor, considerado como período cotizado, supere cinco anos por beneficiario. Esta limitación aplicarase, de igual xeito, cando os mencionados beneficios concorran cos previstos no artigo 180.1 desta lei.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ao número 1 do artigo 180 da Lei xeral da Seguridade Social, nos seguintes termos:

«1. Os tres anos de período de excedencia que os traballadores, de acordo co artigo 46.3 da Lei do Estatuto dos traballadores, gocen en razón do coidado de cada fillo ou menor acollido, nos supostos de acollemento familiar permanente ou preadoptivo, aínda que estes sexan provisionais, terán a consideración de período de cotización efectiva para efectos das correspondentes prestacións da Seguridade Social por xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, maternidade e paternidade.»

Disposición adicional primeira. *Pensión de orfandade.*

Un. Dáselle unha nova redacción aos números 1 e 2 do artigo 175 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«1. Terán dereito á pensión de orfandade, en réxime de igualdade, cada un dos fillos do causante, calquera que sexa a natureza da súa filiación, sempre que, ao falecer o causante, sexan menores de 21 anos ou estean incapacitados para o traballo e que o causante se atope en alta ou en situación asimilada á alta. Será aplicable, así mesmo, ás pensións de orfandade o previsto no segundo parágrafo do número 1 do artigo 174 desta lei.

2. Nos casos en que o fillo do causante non efectúe un traballo lucrativo por conta allea ou propia, ou cando, realizándoo, os ingresos que obteña resulten inferiores, en cómputo anual, á contía vixente para o salario mínimo interprofesional, tamén en cómputo anual, poderá ser beneficiario da pensión de orfandade, sempre que na data de falecemento do causante aquel for menor de 25 anos.

Se o orfo estiver cursando estudos e fixer 25 anos durante o transcurso do curso escolar, a percepción da pensión de orfandade manterase ata o día primeiro do mes inmediatamente posterior ao do inicio do seguinte curso académico.»

Dous. Modifícase a redacción da disposición transitoria sexta bis da Lei xeral da Seguridade Social, nos seguintes termos:

«Disposición transitoria sexta bis. *Aplicación paulatina do límite de idade para efectos das pensións de orfandade, nos casos de orfandade simple nos que o orfo non traballe.*

Nos casos previstos no número 2 do artigo 175 desta lei, cando sobreviva un dos proxenitores, o límite de idade determinante da condición de beneficiario da pensión de orfandade será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2014.

Ata acadar a dita data, o indicado límite será o seguinte:

- a) Durante o ano 2012, de 23 anos.
- b) Durante o ano 2013, de 24 anos.»

Disposición adicional segunda. *Modificación en materia de convenios especiais.*

1. A partir da publicación desta lei, o Ministerio de Traballo e Inmigración determinará as modalidades de convenios especiais cuxa subscripción se deberá levar a cabo necesariamente antes do transcurso dun determinado prazo contado desde a data en que se causase baixa no réxime correspondente ou se extinguiuse o dereito ás prestacións por desemprego.

2. Tamén se procederá a regular unha nova modalidade de convenio especial que subscribirán os españois que, sen teren estado previamente afiliados ao sistema da Seguridade Social, participen no estranxeiro, de forma remunerada, en programas formativos ou de investigación sen quedaren vinculados por unha relación laboral, nos termos e condicións que regulamentariamente determine o Ministerio de Traballo e Inmigración.

3. Así mesmo, no prazo de seis meses desde a promulgación desta lei, o Goberno regulará unha nova modalidade de convenio especial que poidan subscribir as persoas con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral para a cobertura das prestacións por xubilación e por morte e supervivencia.

Disposición adicional terceira. *Seguridade social das persoas que participan en programas de formación.*

1. O Goberno, no prazo de tres meses a partir da publicación desta lei e con base nas previsións contidas no artigo 97.2.m) da Lei xeral da Seguridade Social e nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente, establecerá os mecanismos de inclusión nela dos participantes en programas de formación financiados por organismos ou entidades públicos ou privados que, vinculados a estudos universitarios ou de formación profesional, comporten contraprestación económica para os afectados, sempre que, en razón da realización dos ditos programas, e conforme as disposicións en vigor, non estean obrigados a estar de alta no respectivo réxime da Seguridade Social.

2. As persoas que, na data de entrada en vigor da disposición regulamentaria referida no punto anterior, se tiveren atopado na situación indicada nel, poderán subscribir un convenio especial, por unha única vez, no prazo, termos e condicións que determine o Ministerio de Traballo e Inmigración, que lles posibilite o cómputo de cotización polos períodos de formación realizados antes da sinalada data, ata un máximo de 2 anos.

Disposición adicional cuarta. *Elaboración polo Goberno dun estudo en relación coa recomendación 5.ª do Pacto de Toledo.*

No prazo dun ano, o Goberno procederá a presentar ante a Comisión non Permanente de Seguimento e Avaliación dos Acordos do Pacto de Toledo un estudo, coa correspondente valoración económica, en relación co contido a que se refire a recomendación 5.ª do Pacto de Toledo.

Disposición adicional quinta. *Elaboración polo Goberno dun estudo e propostas de actuación en relación coa recomendación 17.ª do Pacto de Toledo.*

Encoméndase ao Goberno que no prazo dun ano presente na Comisión non Permanente de Seguimento e Avaliación dos Acordos do Pacto de Toledo un estudo sobre as medidas que se deban adoptar para impulsar os mecanismos que incorporen os períodos de atención e coidado dos fillos das persoas con discapacidade ou persoas en situación de dependencia, como elementos que cómpre considerar nas carreiras de cotización das mulleres. No citado estudo avaliaranse economicamente as medidas que se propoñan, e tamén a actual regulación existente no sistema de seguridade social, especialmente no artigo 180 da Lei xeral da Seguridade Social, e no artigo 9 desta lei.

Disposición adicional sexta. *Convenio especial que se subscribirá en expedientes de regulación de emprego.*

Un. Dáselles unha nova redacción aos números 1 e 2 da disposición adicional trixésimo primeira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«1. No convenio especial a que se refire o artigo 51.15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, as cotizacións abranguerán o período comprendido entre a data en que se produza o cesamento no traballo ou, de ser o caso, en que cese a obriga de cotizar por extinción da prestación por desemprego contributivo, e a data en que o traballador acade a idade a que se refire a alínea a) do número 1 do artigo 161, nos termos establecidos nos puntos seguintes.

2. Para tal efecto, as cotizacións polo referido período determinaranse aplicando á media das bases de cotización do traballador, nos últimos 6 meses de ocupación cotizada, o tipo de cotización previsto na normativa reguladora do convenio especial. Da cantidade resultante deducirase a cotización, a cargo do Servizo Público de Emprego Estatal, correspondente ao período en que o traballador poida ter dereito á percepción do subsidio de desemprego, cando corresponda cotizar pola continxencia de xubilación, calculándoa en función da base e tipo aplicable na data de subscrición do convenio especial.

As cotizacións correspondentes ao convenio serán a cargo do empresario ata a data en que o traballador faga os 63 anos, agás nos casos de expedientes de regulación de emprego por causas económicas, nos que a dita obriga se estenderá ata que o traballador acade os 61 anos.

As devanditas cotizacións ingresaranse na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ben dunha soa vez, dentro do mes seguinte ao da notificación por parte do citado servizo común da cantidade que hai que ingresar, ben de maneira fraccionada garantindo o importe pendente mediante aval solidario ou a través da substitución do empresario no cumprimento da obriga por parte dunha entidade financeira ou aseguradora, logo do consentimento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, nos termos que estableza o Ministerio de Traballo e Inmigración.

A partir de que o traballador faga os 63 ou, se é o caso, 61 anos, as achegas ao convenio especial serán obrigatorias e ao seu exclusivo cargo, e deberán ser ingresadas, nos termos previstos na normativa reguladora do convenio especial, ata que acade a idade a que se refire a alínea a) do número 1 do artigo 161 ou ata a data en que, de ser o caso, acceda á pensión de xubilación anticipada, sen prexuízo do previsto no punto 4.»

Dous. Modifícase o artigo 23 do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, introducindo un novo tipo no número 1, coa alínea i), coa seguinte redacción:

«i). Incumprir a obriga de subscribir o convenio especial nos supostos establecidos no artigo 51.15 do Estatuto dos traballadores para os supostos de expedientes de regulación de emprego de empresas non incursas en procedemento concursal.»

Disposición adicional sétima. *Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social.*

1. Autorízase o Goberno para a creación da Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social, coa natureza de axencia estatal para a mellora dos servizos públicos das previstas na Lei 28/2006, do 18 de xullo, cuxo obxecto é levar a cabo, en nome e por conta do Estado, a xestión e demais actos de aplicación efectiva do sistema da Seguridade Social, así como aquelas outras funcións que se lle encomenden.

2. Integranse na Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social as seguintes entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, así como o seu persoal e funcións:

- O Instituto Nacional da Seguridade Social.
- O Instituto Social da Mariña, naqueles ámbitos que correspondan coas funcións de seguridade social inherentes á xestión do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.
- A Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- A Xerencia de Informática da Seguridade Social.
- O Servizo Xurídico da Administración da Seguridade Social.

3. A devandita integración suporá a asunción por parte da Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social das funcións necesarias para que o sistema da Seguridade Social se aplique, co alcance e nas condicións establecidos na Lei xeral da Seguridade Social, nas súas normas de aplicación e desenvolvemento e demais disposicións complementarias, a todas as persoas incluídas no seu campo de aplicación, mediante os procedementos de encadramento no sistema, inclusión ou exclusión nos seus réximes, cotización, liquidación dos seus recursos, recadación voluntaria e executiva, tanto material como formal, dos devanditos recursos de dereito público, e percepción dos de dereito privado, xestión das prestacións económicas do sistema, pagamento destas, a súa xestión económica e xurídica, así como os demais actos de xestión dos recursos económicos e administración financeira do sistema.

4. A actuación da Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social non se estenderá ás prestacións e subsidios por desemprego, nin aos servizos sociais do sistema da Seguridade Social.

De igual xeito, a actuación da Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social non se estenderá á asistencia sanitaria da Seguridade Social, agás nos ámbitos en que a Lei xeral da Seguridade Social, as súas normas de aplicación e desenvolvemento e demais disposicións complementarias prevexan a actuación, respecto da devandita prestación, dos organismos que se integran naquela.

5. A participación no control e vixilancia da xestión levada a cabo pola Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social será levada a cabo polo Consello Xeral, pola Comisión Delegada do Consello Xeral e polas comisións provinciais.

6. A constitución e entrada en funcionamento da Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social producirase coa aprobación do seu estatuto por real decreto acordado en Consello de Ministros e adoptado por proposta conxunta dos ministerios de Política Territorial e Administración Pública, de Economía e Facenda e de Traballo e Inmigración, logo de negociación coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

No devandito estatuto recolleranse as especialidades contidas na normativa vixente aplicable en materia de seguridade social.

7. Sen prexuízo do establecido na Lei 28/2006, do 18 de xullo, a Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social estará sometida ao mesmo réxime de dirección e xestión contable e control interno que o establecido pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, correspondendo o exercicio destas funcións á Intervención Xeral da Administración do Estado a través da Intervención Xeral da Seguridade Social.

8. O disposto nesta disposición non será aplicable respecto dos réximes especiais da seguridade social de funcionarios civís do Estado, Forzas Armadas e funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, os cales serán xestionados polos órganos e entidades correspondentes conforme o establecido nas normas específicas que os regulan, agás naquelas materias en que se dispoña expresamente o contrario.

9. O disposto nesta disposición adicional enténdese sen prexuízo das competencias que correspondan ás comunidades autónomas en materia de seguridade social, conforme os seus respectivos estatutos de autonomía.

Disposición adicional oitava. *Avaliación da lei sobre o cálculo das pensións.*

O Goberno avaliará no prazo dun ano os efectos e o impacto que sobre as variables para determinar o cálculo das pensións terá o disposto nos artigos 3 e 4. Tres dela, referidos ambos á fórmula da integración de lagoas. En función dos resultados da dita avaliación levaranse a cabo as adaptacións, modificacións e cambios que resulten precisos para corrixir as distorsións que tal avaliación evidenciase, e que permitan a incorporación de cotizacións anteriores ao período de cómputo como elemento de integración de lagoas.

Disposición adicional novena. *Adecuación do réxime especial de autónomos.*

Co obxecto de facer converxer a intensidade da acción protectora dos traballadores por conta propia coa dos traballadores por conta allea, as bases medias de cotización do réxime especial de traballadores autónomos experimentarán un crecemento polo menos similar ao das medias do réxime xeral.

En todo caso, a suba anual non superará o crecemento das medias do réxime xeral en máis dun punto porcentual. As subas de cada ano, así como calquera outra modificación substancial do sistema, debateranse con carácter previo no marco do diálogo social coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas, así como coas organizacións profesionais de traballadores autónomos máis representativas, e consultarase o Consello Estatal do Traballo Autónomo segundo establece o artigo 22 da Lei 20/2007, e non serán aplicables os anos en que as crises económicas teñan como efectos a perda de rendas ou emprego neste colectivo.

Terase en conta a posibilidade, prevista nos artigos 25.3 e 27.2.c) do Estatuto do traballo autónomo, de establecer exencións, reducións ou bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social para determinados colectivos de traballadores autónomos que, pola súa natureza, teñen especiais dificultades para aumentar a súa capacidade económica e de xeración de rendas, ou para aqueles sectores profesionais que de forma temporal poidan sufrir recortes importantes nos seus ingresos habituais.

Disposición adicional décima. *Bases máximas de cotización.*

Conforme as recomendacións do Pacto de Toledo, cando a situación económica e do emprego o permita, o Ministerio de Traballo e Inmigración e os interlocutores sociais examinarán a relación entre as bases máximas de cotización e os salarios medios, así como entre as citadas bases e a contía máxima de pensión de xubilación, a fin de manter o carácter contributivo do sistema.

Disposición adicional décimo primeira. *Alternativas de financiamento complementario.*

Os ministerios de Traballo e Inmigración e de Economía e Facenda e os axentes económicos e sociais examinarán, no marco das recomendacións do Pacto de Toledo, a conveniencia de establecer posibles escenarios de financiamento complementario do noso sistema de seguridade social no medio e longo prazo.

Disposición adicional décimo segunda. *Separación de fontes de financiamento.*

O Goberno buscará fórmulas que fagan compatibles os obxectivos de consolidación e estabilidade orzamentaria cos de pleno financiamento das prestacións non contributivas e universais a cargo dos orzamentos das administracións públicas, con especial interese no cumprimento dos compromisos de financiamento mediante impostos dos complementos para mínimos de pensións.

Disposición adicional décimo terceira. *Pensións de unidades económicas unipersoais.*

Facúltase o Goberno para reforzar, desde a vertente non contributiva, as pensións dos maiores que viven en unidades económicas unipersoais, sen facer distincións por razón da continxencia protexida.

Disposición adicional décimo cuarta. *Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.*

O Goberno, coa participación dos axentes sociais, abordará, no prazo dun ano, unha reforma do marco normativo aplicable ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, conforme os seguintes criterios e finalidades:

a) Garantir a súa función de entidades colaboradoras na xestión da Seguridade Social, fundamentalmente respecto da protección dos dereitos dos traballadores no ámbito das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e na xestión da prestación económica de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns ou da correspondente ao cesamento de actividade de traballadores autónomos.

b) Asegurar o carácter privado das mutuas, como asociacións de empresarios amparadas pola Constitución, protexendo a liberdade do empresario, coa participación dos seus traballadores, na elección da mutua respectiva e respectando a súa autonomía xestora e de goberno, todo isto sen prexuízo do control e tutela que ten que desenvolver a Administración, atendendo á súa condición de entidades colaboradoras coa Seguridade Social.

c) Articular o seu réxime económico promovendo o equilibrio entre ingresos e custos das prestacións, garantindo a súa xestión eficiente e transparente, así como a súa contribución á solidez e mellora do sistema de seguridade social.

d) Establecer que os órganos directivos das mutuas se comporán das empresas con maior número de traballadores mutualizados, doutras designadas paritariamente polas organizacións empresariais e dunha representación das organizacións sindicais máis representativas.

e) Promover, dada a súa condición de entidades colaboradoras coa Seguridade Social, o debido desenvolvemento da participación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, das asociacións profesionais máis representativas dos traballadores autónomos, dos sindicatos máis representativos e das comunidades autónomas nos seus órganos de supervisión e control.»

Disposición adicional décimo quinta. *Cotización á Seguridade Social de traballadores autónomos dedicados á venda ambulante ou a domicilio.*

Respecto dos traballadores por conta propia dedicados á venda ambulante ou a domicilio, establecerase unha base mínima de cotización ao réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos inferior á fixada anualmente con carácter xeral para o devandito réxime, nos termos e condicións que determine a Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

Disposición adicional décimo sexta. *Expedientes de regulación de emprego que afecten traballadores maiores de 50 anos en empresas con beneficios.*

1. As empresas que realicen despedimentos colectivos de acordo co establecido no artigo 51 do Estatuto dos traballadores, e que inclúan traballadores de 50 ou máis anos de idade, deberán efectuar unha achega económica ao Tesouro público, nos termos que se determinen regulamentariamente, sempre que en tales despedimentos colectivos concorran as seguintes circunstancias:

a) Que sexan realizados por empresas de máis de 500 traballadores ou por empresas que formen parte de grupos de empresas que empreguen ese número de traballadores.

b) Que afecten, polo menos, 100 traballadores nun período de referencia de tres anos, con independencia do número de traballadores de 50 ou máis anos de idade afectados.

c) Que, aínda concorrendo as causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción que o xustifiquen e a razoabilidade da decisión extintiva, as empresas ou o grupo de empresas do que forme parte tivesen beneficios nos dous exercicios económicos anteriores á autorización do expediente de regulación de emprego. Para estes efectos, considérase que unha empresa tivo beneficios cando o resultado do exercicio, tal como se define no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, sexa positivo.

d) Que os traballadores de 50 ou máis anos de idade afectados non fosen obxecto de recolocación na mesma empresa, ou noutra empresa do grupo do que forme parte, ou en calquera outra empresa, nos seis meses seguintes á data en que se produza a extinción dos seus contratos de traballo.

2. Para o cálculo da achega económica a que se refire o punto anterior, tomarase en consideración o importe das prestacións e subsidios por desemprego dos traballadores de 50 ou máis anos de idade afectados polo expediente de regulación de emprego, incluídas as cotizacións á Seguridade Social realizadas polo Servizo Público de Emprego Estatal.

O importe da achega determinarase segundo unha escala en función do número de traballadores da empresa, do número de traballadores de 50 ou máis anos de idade afectados polo despedimento colectivo e dos beneficios da empresa, nos termos que se determinen regulamentariamente.

Así mesmo, determinaranse regulamentariamente o procedemento, a forma e o momento en que deberá facerse efectiva a achega.

3. As achegas a que se refire esta disposición poderán, de ser o caso, destinarse total ou parcialmente a xerar créditos para o financiamento de políticas activas de emprego dos traballadores de máis idade, nos termos que se determine regulamentariamente.

4. O previsto nesta disposición será aplicable aos expedientes de regulación de emprego iniciados a partir do 27 de abril de 2011.

Disposición adicional décimo sétima. *Prestación de servizos domésticos a través de empresas.*

As tarefas domésticas prestadas por traballadores non contratados directamente polos titulares do fogar familiar senón ao servizo de empresas, xa sexan persoas xurídicas, de carácter civil ou mercantil, determinarán a alta de tales traballadores no réxime xeral da Seguridade Social por conta desas empresas.

Disposición adicional décimo oitava. *Anticipación da xubilación dos traballadores con discapacidade en grao igual ou superior ao 45 por 100.*

Modifícase o artigo 3 do Real decreto 1851/2009, do 4 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 161 bis da Lei xeral da Seguridade Social, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. *Idade mínima de xubilación.*

A idade mínima de xubilación das persoas afectadas, nun grao igual ou superior ao 45 por 100, por unha discapacidade das enumeradas no artigo 2 será, excepcionalmente, a de 56 anos.»

Disposición adicional décimo novena. *Estudo sobre o desenvolvemento da previsión social complementaria.*

No prazo de seis meses, o Goberno remitirá ao Congreso dos Deputados un informe sobre o grao de desenvolvemento da previsión social complementaria e sobre as medidas que poderían adoptarse para promover o seu desenvolvemento en España.

Disposición adicional vixésima. *Estudo sobre as cotizacións sociais dos traballadores autónomos.*

O Goberno, no prazo dun ano, remitirá á Comisión de Traballo do Congreso dos Deputados un estudo sobre as actuais cotizacións sociais dos traballadores autónomos en relación cos ingresos do sistema percibidos por eles, en relación co desenvolvemento da recomendación número 4 do Pacto de Toledo.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Estudo para a delimitación do limiar de pobreza e reordenación integral das prestacións non contributivas.*

O Goberno, no prazo de seis meses, realizará os estudos pertinentes que permitan delimitar os limiares de pobreza, conforme os criterios fixados pola Unión Europea, co obxecto de reorientar as políticas públicas dirixidas á súa erradicación.

Así mesmo, no prazo dun ano, o Goberno aprobará un proxecto de lei de reordenación integral das prestacións non contributivas da Seguridade Social, co obxectivo de mellorar a súa cobertura, establecer con máis claridade o ámbito das súas prestacións e introducir novos ámbitos de protección co fin de encher lagoas de cobertura que se detectan no sistema.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Información orzamentaria da Seguridade Social.*

O Goberno realizará as actuacións necesarias para mellorar o tratamento orzamentario dos recursos da Seguridade Social que favorezan o seu control parlamentario. En concreto, nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2013 incluírase unha subdivisión na actual sección 60 (Seguridade Social) para separar as pensións e as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social das prestacións sanitarias e sociais, así como dar un tratamento orzamentario diferenciado ao Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Actualización dos coeficientes redutores da idade de xubilación.*

O Goberno aprobará, no prazo dun ano, as normas necesarias sobre o procedemento xeral de aprobación de coeficientes redutores da idade de xubilación nos distintos sectores e ámbitos de traballo, adecuando, se for o caso, as porcentaxes actuais de cotización. Para este fin, realizaranse os estudos necesarios sobre sinistralidade no sector, penosidade, na que se terá en conta tamén para estes efectos o traballo por quendas, o traballo nocturno e o sometemento a ritmos de produción, o perigo e toxicidade das condicións do traballo, a súa incidencia nos procesos de incapacidade laboral que xera nos traballadores e os requirimentos físicos exixidos para o desenvolvemento da actividade.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Estudos actuariais nos coeficientes redutores da pensión na xubilación anticipada e ampliadores por atraso na idade de xubilación.*

O Goberno realizará un estudo actuarial, no prazo dun ano, relacionado cos coeficientes redutores da pensión utilizados na xubilación anticipada, previstos no número 2 do artigo 161 bis da Lei xeral da Seguridade Social, así como dos coeficientes amplificadores da pensión utilizados no artigo 163, co obxecto de avaliar a súa adaptación aos principios de proporcionalidade e contributividade ao sistema.

No devandito estudo, preverase especificamente a situación dos traballadores que tiveren a condición de mutualista o 1 de xaneiro de 1967 e se xubilasen anticipadamente a través de convenios colectivos de calquera ámbito, acordos colectivos ou contratos individuais de prexubilación de empresas, con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Redacción dun novo texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.*

Facúltase o Goberno para que, nun prazo de dous anos, elabore un novo texto refundido no que se integren, debidamente regularizados, aclarados e harmonizados, os textos legais vixentes en materia de seguridade social.

Disposición adicional vixésimo sexta. *Obrigas da Administración da Seguridade Social e dereito á información.*

Un. Dáselle unha nova redacción ao número 2 do artigo 14 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os empresarios e os traballadores terán dereito a ser informados polos correspondentes organismos da Administración da Seguridade Social acerca dos datos a eles referentes que consten naqueles. De igual dereito gozarán as persoas que acrediten un interese persoal e directo, de acordo co establecido nesta lei.

Para estes efectos, a Administración da Seguridade Social informará a cada traballador sobre o seu futuro dereito á xubilación ordinaria prevista no artigo 161.1 desta lei, a partir da idade e coa periodicidade e contido que regulamentariamente se determinen.

Non obstante, esta comunicación sobre os dereitos á xubilación ordinaria que poida corresponder a cada traballador remitirase para efectos meramente informativos, sen que orixine dereitos nin expectativas de dereitos a favor do traballador ou de terceiros.

Esta obriga corresponde tamén aos instrumentos de carácter complementario ou alternativo que prevexan compromisos por xubilación, tales como mutualidades de previsión social, mutualidades alternativas, plans de previsión social empresariais, plans de previsión asegurados, plans e fondos de pensións e seguros individuais e colectivos de instrumentación de compromisos por pensións das empresas. A información deberá facilitarse coa mesma periodicidade e en termos comparables e homoxéneos coa subministrada pola Seguridade Social.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo ao número 2 do artigo 104 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Nos xustificantes de pagamento das devanditas retribucións, o empresario deberá informar os traballadores da contía total da cotización á Seguridade Social indicando, de acordo co establecido no número 2 do artigo 103, a parte da cotización que corresponde á achega do empresario e a parte correspondente ao traballador, nos termos que regulamentariamente se determinen.»

Disposición adicional vixésimo sétima. *Anticipos do cesamento de actividade de traballadores autónomos.*

O Goberno, en función dos resultados operados no primeiro ano de vixencia do cesamento de actividade establecido pola Lei 32/2010, do 5 de agosto, efectuará os estudos pertinentes sobre a posibilidade de que aqueles que se atopan na dita situación legal de cesamento de actividade poidan acceder á xubilación anticipada aos 61 anos.

Disposición adicional vixésimo oitava. *Cómputo, para efectos de seguridade social, do período de servizo militar obrigatorio ou de prestación social substitutiva.*

O Goberno presentará, no prazo dun ano, un proxecto de lei que estableza un sistema de compensación á Seguridade Social para que esta poida recoñecer, a favor das persoas interesadas, un período de asimilación do tempo de servizo militar obrigatorio ou de

prestación social substitutiva que compense a interrupción das carreiras de cotización ocasionada por tales circunstancias, acorde cos incrementos que, no ámbito da contributividade, se producen nesta lei, e coa sustentabilidade do sistema.

Disposición adicional vixésimo novena. *Cotización dos traballadores a tempo parcial e fixos descontinuos.*

O Goberno presentará, no prazo dun ano e logo da discusión cos interlocutores sociais no marco do diálogo social, un proxecto de lei que mellore a consideración dos períodos cotizados dos traballadores a tempo parcial e nos contratos fixos descontinuos.

No citado proxecto de lei incluíranse, entre outras, as seguintes reformas:

a) Medidas que modifiquen a regulación laboral do contrato de traballo a tempo parcial, nuns termos que promovan o necesario equilibrio entre as necesidades de flexibilidade e adaptabilidade, requiridas polas empresas, e as demandas de estabilidade e seguridade no emprego, demandadas polas persoas traballadoras.

b) Revisión dos incentivos ás empresas para a utilización da contratación indefinida mediante esta modalidade de contratos.

c) Mellora da protección social do traballo a tempo parcial, en particular mediante o incremento do coeficiente multiplicador establecido actualmente para causar dereito ás pensións de xubilación e incapacidade permanente.

Disposición adicional trixésima. *Pensión de viuvez a favor de pensionistas con 65 ou máis anos que non perciban outra pensión pública.*

1. O Goberno adoptará as medidas regulamentarias oportunas para que a contía da pensión de viuvez equivalla ao resultado de aplicar, sobre a respectiva base reguladora, o 60 por 100, cando na persoa beneficiaria concorran os seguintes requisitos:

a) Ter unha idade igual ou superior a 65 anos.
b) Non ter dereito a outra pensión pública.
c) Non percibir ingresos pola realización de traballo por conta allea ou por conta propia.

d) Que os rendementos ou rendas percibidos diferentes dos arriba sinalados non superen, en cómputo anual, o límite de ingresos que estea establecido en cada momento para ser beneficiario da pensión mínima de viuvez.

2. A aplicación da porcentaxe sinalada no número 1 levarase a cabo de forma progresiva e homoxénea nun prazo de oito anos, a partir do 1 de xaneiro de 2012.

3. Con efectos para as declaracións do IRPF que se deban presentar a partir do exercicio 2013, regularase na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, un mecanismo corrector da progresividade no caso de pensións de viuvez que se acumulen exclusivamente con rendas procedentes do traballo ou outras pensións, tomando como referencia o importe da pensión mínima de viuvez. Para isto, as persoas que compatibilizan estes ingresos estarán exentas da obriga de declarar se non exceden o límite legal establecido e, no caso de que exista a obriga de declarar, aplicarase ás persoas que perciban rendementos de traballo e pensións de viuvez a separación da escala de tributación no IRPF por ambas as fontes.

Disposición adicional trixésima primeira. *Complementariedade de ingresos coa pensión de xubilación.*

Incorpórase un punto 4 no artigo 165 da Lei xeral da Seguridade Social, co seguinte contido:

«4. A percepción da pensión de xubilación será compatible coa realización de traballos por conta propia cuxos ingresos anuais totais non superen o salario mínimo interprofesional, en cómputo anual. Os que realicen estas actividades económicas non estarán obrigados a cotizar polas prestacións da Seguridade Social.

As actividades especificadas no parágrafo anterior polas que non se coticen non xerarán novos dereitos sobre as prestacións da Seguridade Social.»

Disposición adicional trixésimo segunda. *Compensación pola suspensión da revalorización das pensións.*

O Goberno, no prazo dun ano, presentará un informe sobre o mantemento do poder adquisitivo dos pensionistas nos últimos cinco anos. Tendo en conta este e conforme as posibilidades económicas do sistema, o Goberno articulará as medidas necesarias para levar a cabo a recuperación do poder adquisitivo perdido.

Disposición adicional trixésimo terceira. *Cotizacións adicionais dos traballadores autónomos.*

A partir do 1 de xaneiro de 2012, e con carácter indefinido, os traballadores do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos poderán elixir, con independencia da súa idade, unha base de cotización que poida acadar ata o 220 por 100 da base mínima de cotización que cada ano se estableza para este réxime especial.

Disposición adicional trixésimo cuarta. *Sistema de xubilación parcial anticipada para traballadores autónomos.*

O Goberno presentará, no prazo dun ano, un estudo relativo a un sistema específico de xubilación parcial aos 62 anos, a favor de autónomos que cesen no seu negocio ou o traspasen a outra persoa á que deben formar.

Disposición adicional trixésimo quinta. *Sacerdotes e relixiosos secularizados.*

O Goberno modificará o Real decreto 1335/2005, do 11 de novembro, a fin de que os titulares de pensións que se tramiten ao abeiro do disposto no Real decreto 487/1998, do 27 de marzo, teñan dereito a percibir, polo menos, o importe equivalente ao 99 por 100 da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate, vixente en cada momento, conforme a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional trixésimo sexta. *Cláusulas dos convenios colectivos referidas ao feito de acadar a idade ordinaria de xubilación.*

Modifícase a disposición adicional décima do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, que queda redactada do seguinte xeito:

«Nos convenios colectivos poderán establecerse cláusulas que posibiliten a extinción do contrato de traballo por acadar o traballador a idade ordinaria de xubilación fixada na normativa de seguridade social, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Esta medida deberá vincularse a obxectivos coherentes coa política de emprego expresados no convenio colectivo, tales como a mellora da estabilidade no emprego, a transformación de contratos temporais en indefinidos, o sostemento do emprego, a contratación de novos traballadores ou calquera outra que se dirixa a favorecer a calidade do emprego.

b) O traballador afectado pola extinción do contrato de traballo deberá ter cuberto o período mínimo de cotización que lle permita aplicar unha porcentaxe

dun 80 por 100 á base reguladora para o cálculo da contía da pensión, e cumprir os demais requisitos exixidos pola lexislación de seguridade social para ter dereito á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva.

Habilítase o Goberno para demorar, por razóns de política económica, a entrada en vigor da modificación prevista nesta disposición adicional.»

Disposición adicional trixésimo sétima. *Compatibilidade entre pensión de xubilación e traballo.*

O Goberno presentará un proxecto de lei que regule a compatibilidade entre pensión e traballo, garantindo a substitución xeracional e a prolongación da vida laboral, así como o tratamento en condicións de igualdade das diferentes actividades. Mentres non se produza esta regulación, manterase o criterio que se viña aplicando con anterioridade á entrada en vigor da Orde TIN/1362/2011, do 23 de maio.

Disposición adicional trixésimo oitava. *Patrimonio da Seguridade Social.*

O Goberno, no prazo de seis meses, adoptará as medidas normativas necesarias para cancelar, nun prazo de dez anos, no balance patrimonial da Seguridade Social os préstamos concedidos polo Estado para compensar as insuficiencias de financiamento do Insalud producidas nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado previas á separación de fontes de financiamento. Como resultado desta separación, a Administración da Seguridade Social entregará en pagamento dos devanditos préstamos á Administración xeral do Estado exclusivamente os seus edificios e equipamentos afectos a fins de asistencia sanitaria e de servizos sociais, coa excepción daqueles que estea a utilizar na actualidade para a xestión das súas propias competencias en materia de atención á cobertura de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e atención sanitaria a mariños e pescadores polo Instituto Social da Mariña, a fin de que a culminación do proceso de separación de fontes de financiamento para efectos patrimoniais poida realizarse sen inconvenientes para a adecuada xestión das contas públicas e permita a xestión patrimonial máis adecuada polos actuais titulares da xestión da competencia, a través do traspaso inmediato dos devanditos inmoables a eles.

Disposición adicional trixésimo novena. *Integración do réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar no réxime xeral da Seguridade Social.*

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 2012, o réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar quedará integrado no réxime xeral da Seguridade Social, mediante o establecemento dun sistema especial para os devanditos traballadores nos termos e co alcance indicados nesta disposición e coas demais peculiaridades que se determinen regulamentariamente.

2. A cotización á Seguridade Social no sistema especial para empregados de fogar efectuarase conforme as seguintes condicións:

a) Cálculo das bases de cotización.

1.º No ano 2012, as bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaranse conforme a seguinte escala, en función da retribución percibida polos empregados de fogar:

Tramo	Retribución mensual	Base de cotización
1.º	Ata 74,83 €/mes.	90,20 €/mes.
2.º	Desde 74,84 €/mes ata 122,93 €/mes.	98,89 €/mes.
3.º	Desde 122,94 €/mes ata 171,02 €/mes.	146,98 €/mes.
4.º	Desde 171,03€/mes ata 219,11 €/mes.	195,07 €/mes.
5.º	Desde 219,12€/mes ata 267,20 €/mes.	243,16 €/mes.

Tramo	Retribución mensual	Base de cotización
6.º	Desde 267,21 €/mes ata 315,30€/mes.	291,26 €/mes.
7.º	Desde 315,31€/mes ata 363,40 €/mes.	339,36 €/mes.
8.º	Desde 363,41 €/mes ata 411,50 €/mes.	387,46 €/mes.
9.º	Desde 411,51€/mes ata 459,60 €/mes.	435,56 €/mes.
10.º	Desde 459,61€/mes ata 597,70 €/mes.	483,66 €/mes.
11.º	Desde 507,71€/mes ata 555,80 €/mes.	531,76 €/mes.
12.º	Desde 555,81€/mes ata 603,90 €/mes.	579,86€/mes.
13.º	Desde 603,91€/mes ata 652,00 €/mes.	627,96 €/mes.
14.º	Desde 652,01€/mes ata 700,10 €/mes.	676,06 €/mes.
15.º	Desde 700,11 €/mes.	748,20 €/mes.

As bases de cotización da escala anterior incrementaranse en proporción ao aumento que na Lei de orzamentos xerais do Estado do ano 2012 poida establecerse para a base mínima do réxime xeral.

2.º No ano 2013, establecerase un novo tramo 16.º na escala, para retribucións superiores á base mínima do réxime xeral no devandito exercicio, no cal a base de cotización será a correspondente ao tramo 15.º incrementada nun 5 por 100.

3.º Desde o ano 2013 ata o ano 2018, as bases de cotización actualizaranse en idéntica proporción ao incremento que experimente a base mínima de cotización do réxime xeral en cada un deses anos, fóra da correspondente ao tramo 16.º, que se incrementará nun 5 por 100 anual.

4.º A partir do ano 2019, as bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaranse conforme o establecido no artigo 109 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, sen que a cotización poida ser inferior á base mínima que se estableza legalmente.

b) Tipos de cotización aplicables.

1.º Para a cotización por continxencias comúns, sobre a base de cotización que corresponda segundo o indicado no punto a) aplicaranse os seguintes tipos de cotización:

No ano 2012, o tipo de cotización será o 22 por 100, sendo o 18,30 por 100 a cargo do empregador e o 3,70 por 100 a cargo do empregado.

Desde o ano 2013 ata o ano 2018, o tipo de cotización incrementárase anualmente en 0,90 puntos porcentuais, fixándose a súa contía e distribución entre empregador e empregado na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado.

A partir do ano 2019, o tipo de cotización e a súa distribución entre empregador e empregado serán os que se establezan con carácter xeral, na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado, para o réxime xeral da Seguridade Social.

2.º Para a cotización por continxencias profesionais, sobre a base de cotización que corresponda segundo o indicado no punto a) aplicarase o tipo de cotización previsto na tarifa de primas aprobada pola disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, sendo a cota resultante a cargo exclusivo do empregador.

c) A bonificación de cotas da Seguridade Social pola contratación de coidadores en familias numerosas, nos termos e co alcance legalmente establecidos, resultará aplicable respecto do sistema especial para empregados de fogar do réxime xeral da Seguridade Social.

3. Os traballadores incluídos no sistema especial para empregados de fogar terán dereito ás prestacións da seguridade social nos termos e condicións establecidos no réxime xeral da Seguridade Social, coas seguintes peculiaridades:

a) Desde o ano 2012 ata o ano 2018, para efectos do cómputo a que se refire a regra segunda.a) do número 1 da disposición adicional sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aplicable a este sistema especial para empregados de fogar,

as horas efectivamente traballadas neste determinaranse en función das bases de cotización a que se refiren os números 1.º, 2.º e 3.º do número 2.a) desta disposición, divididas polo importe fixado para a base mínima horaria do réxime xeral pola Lei de orzamentos xerais do Estado para cada un dos devanditos exercicios.

b) Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2012, o subsidio por incapacidade temporal, no caso de enfermidade común ou accidente non laboral, aboarase a partir do noveno día da baixa no traballo, estando a cargo do empregador o aboamento da prestación ao traballador desde os días cuarto ao oitavo da citada baixa, ambos inclusive.

c) O pagamento de subsidio por incapacidade temporal causado polos traballadores incluídos neste sistema especial será efectuado directamente pola entidade a que corresponda a súa xestión, sen que proceda o pagamento delegado daquel.

d) Desde o ano 2012 ata o ano 2018, para o cálculo da base reguladora das pensións de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns e de xubilación causadas polos empregados de fogar respecto dos períodos cotizados neste sistema especial só se terán en conta os períodos realmente cotizados, non resultando aplicable o previsto nos artigos 140.4 e 162.1.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

e) Con respecto ás continxencias profesionais do sistema especial para empregados de fogar, non será aplicable o réxime de responsabilidades verbo das prestacións regulado no artigo 126 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, segundo o disposto no número 3 da disposición adicional quincuaxésimo terceira desta mesma lei.

f) A acción protectora do sistema especial para empregados de fogar non comprenderá a correspondente ao desemprego. Isto enténdese sen prexuízo das iniciativas que poidan establecerse con respecto a esta cuestión no marco da renovación da relación laboral de carácter especial do servizo do fogar familiar.

4. Dentro do prazo de seis meses naturais, contado desde o 1 de xaneiro de 2012, os empregadores e as persoas empregadas procedentes do réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar que quedasen comprendidos dentro do réxime xeral da Seguridade Social, de conformidade co previsto no número 1 desta disposición, deberán comunicar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social o cumprimento das condicións exixidas para a súa inclusión no sistema especial de empregados de fogar deste último réxime.

Desde o día primeiro do mes seguinte a aquel en que se comunique o cumprimento de tales condicións, serán de plena aplicación as normas reguladoras do devandito sistema especial. Ata entón, seguirase aplicando o réxime xurídico correspondente ao réxime especial de empregados de fogar.

Transcorrido o prazo sinalado sen que se comunicase o cumprimento das condicións exixidas para a inclusión no sistema especial para empregados de fogar, os empregados de fogar que presten os seus servizos con carácter parcial ou discontinuo a un ou máis empregadores quedarán excluídos do devandito sistema especial, coa conseguinte baixa no réxime xeral, con efectos do 1 de xullo de 2012. Respecto dos empregados de fogar que presten os seus servizos de maneira exclusiva e permanente para un único empregador, a súa cotización ao sistema especial pasará a efectuarse, desde o 1 de xullo de 2012, conforme a base establecida no tramo superior da escala a que se refiren os números 1.º, 2.º e 3.º do número 2.a) desta disposición adicional.

5. O Goberno procederá a modificar a relación laboral especial do servizo do fogar familiar, con efectos do 1 de xaneiro de 2012.

Disposición adicional cuadraxésima. Adaptación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social á integración do réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar no réxime xeral da Seguridade Social.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2012, os seguintes preceptos do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, quedarán modificados como segue:

Un. O punto 2 do artigo 10 quedará redactado do seguinte xeito:

«2. Consideraranse réximes especiais os que encadren os grupos seguintes:

- a) Traballadores por conta propia ou autónomos.
- b) Traballadores do mar.
- c) Funcionarios públicos, civís e militares.
- d) Estudantes.
- e) Os demais grupos que determine o Ministerio de Traballo e Inmigración, por considerar necesario o establecemento para eles dun réxime especial, de acordo co previsto no número 1 deste artigo.»

Dous. O punto 1 do artigo 26 quedará redactado do seguinte xeito:

«1. Os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar deberán efectuar a súa liquidación e pagamento con suxeición ás formalidades ou polos medios electrónicos, informáticos e telemáticos que regulamentariamente se establezan, debendo realizar a transmisión das respectivas liquidacións ou a presentación dos documentos de cotización dentro dos prazos regulamentarios establecidos mesmo cando non se ingresen as cotas correspondentes, ou se ingrese exclusivamente a achega do traballador. A devandita presentación ou transmisión ou a súa falta producirán os efectos sinalados nesta lei e nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

Non será exixible, con todo, a presentación de documentos de cotización no prazo regulamentario respecto das cotas do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, das cotas fixas do réxime especial dos traballadores do mar, das cotas do seguro escolar e das cotas do sistema especial de traballadores por conta allea agrarios do réxime xeral durante a situación de inactividade, así como de calquera outra cota fixa que poida establecerse, sempre que os suxeitos obrigados a que se refiran as devanditas cotas fosen dados de alta no prazo regulamentariamente establecido. En tales casos, será aplicable o previsto nesta lei para os supostos en que, existindo a devandita obriga, se presentasen os documentos de cotización no prazo regulamentario.»

Tres. O punto 2 da disposición adicional sétima quedará redactado do seguinte xeito:

«2. As regras contidas no punto anterior serán aplicables aos traballadores con contrato a tempo parcial, contrato de remuda a tempo parcial e contrato de traballo fixo discontinuo, de conformidade co establecido nos artigos 12 e 15.8 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, que estean incluídos no campo de aplicación do réxime xeral e do réxime especial da minaría do carbón, e aos que, sendo traballadores por conta allea, estean incluídos no réxime especial dos traballadores do mar.

As devanditas regras serán igualmente aplicables aos traballadores a tempo parcial ou fixos discontinuos incluídos no sistema especial para empregados de fogar, establecido no réxime xeral da Seguridade Social.»

Catro. O punto 4 da disposición adicional oitava quedará redactado do seguinte xeito:

«4. O previsto nos artigos 134, 135, 135 bis, 135 ter, 135 quáter e 166 será aplicable, de ser o caso, aos traballadores por conta allea dos réximes especiais. O previsto nos artigos 112 bis e 162.6 será igualmente aplicable aos traballadores por conta allea dos réximes especiais. Así mesmo, o disposto nos artigos 134, 135, 135 bis, 135 ter, 135 quáter e 166 resultará aplicable aos traballadores por conta propia incluídos nos réximes especiais de traballadores do mar e de traballadores por

conta propia ou autónomos, nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente.»

Cinco. O punto 3 da disposición adicional décimo primeira bis quedará redactado do seguinte xeito:

«3. Respecto dos traballadores por conta propia incluídos nos distintos réximes especiais, será requisito imprescindible para o recoñecemento e aboamento da prestación que os interesados estean ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social.»

Disposición adicional cuadraxésimo primeira. *Estadías de formación, prácticas, colaboración ou especialización.*

1. As axudas dirixidas a titulados académicos con obxecto de subvencionar estadías de formación, prácticas, colaboración ou especialización que impliquen a realización de tarefas en réxime de prestación de servizos deberán establecer en todo caso a cotización á seguridade social como contratos formativos, supeditándose á normativa laboral se obriga á contratación laboral dos seus beneficiarios, ou aos convenios ou acordos colectivos vixentes na entidade de adscrición se establecen melloras sobre o suposto de aplicación xeral.

2. As administracións públicas competentes levarán a cabo plans específicos para a erradicación da fraude laboral, fiscal e á Seguridade Social asociada ás bolsas que encobren postos de traballo.

3. Os programas de axuda existentes no momento da entrada en vigor desta lei deberán adecuarse ao disposto nela. No caso de axudas financiadas con fondos públicos, as administracións e institucións públicas implicadas realizarán as actuacións oportunas para que no prazo de catro meses desde a entrada en vigor desta lei se produza a súa efectiva aplicación.

Disposición adicional cuadraxésimo segunda. *Cotizacións efectuadas por persoal saharauí de empresas españolas, antes da retirada do Sáhara Occidental.*

«O Goberno, no prazo de dous meses, presentará á Comisión de Traballo e Inmigración un informe que recolla unha relación das persoas saharauís que traballaban en empresas españolas o 26 de febreiro de 1976, momento no que España se retirou do Sáhara Occidental.

Á parte das persoas traballadoras afectadas, este informe incluírá o custo, a súa fórmula de articulación e os prazos.»

Disposición adicional cuadraxésimo terceira. *Desenvolvemento regulamentario da hipoteca inversa.*

O Goberno, no prazo dun ano, aprobará as normas regulamentarias de desenvolvemento da Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria, en relación coa regulación de hipoteca inversa, prevendo:

1. O establecemento das condicións, forma e requisitos para a realización das funcións de asesoramento independente aos solicitantes de hipotecas inversas.

2. O réxime de transparencia e comercialización da hipoteca inversa.

Disposición adicional cuadraxésimo cuarta. *Informe sobre os efectos do atraso da idade de xubilación.*

O Goberno, no prazo de dous anos, presentará un informe económico sobre os efectos producidos na prolongación da vida laboral, pola aplicación de coeficientes adicionais por atrasar a idade de xubilación.

Disposición adicional cuadraxésimo quinta. *Tipo de cotización para traballadores do sector agrario integrados no réxime especial de traballadores autónomos.*

Para os traballadores do réxime especial agrario por conta propia que se integraron no réxime especial de traballadores autónomos segundo Lei 18/2007, do 4 de xullo, desde o ano 2012 o tipo de cotización aplicable á base de cotización elixida ata unha contía do 120 por 100 da base mínima establecida para este réxime será o 18,75 por 100.

Disposición adicional cuadraxésimo sexta. *Mutualidades de previsión social alternativas ao réxime de autónomos.*

1. As mutualidades de previsión social que, en virtude do establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, son alternativas á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos con respecto a profesionais colexiados deberán ofrecer aos seus afiliados, mediante o sistema de capitalización individual e a técnica aseguradora baixo os que operan, de forma obrigatoria, as coberturas de xubilación; invalidez permanente; incapacidade temporal, incluíndo maternidade, paternidade e risco do embarazo; e falecemento que poida dar lugar a viuvez e orfandade.

2. As prestacións que outorguen as mutualidades na súa condición de alternativas ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, cando adopten a forma de renda, deberán acadar, no momento de se producir calquera das continxencias cubertas a que se refire o punto anterior, un importe non inferior ao 60 por 100 da contía mínima inicial que para a respectiva clase de pensión rexa no devandito sistema da Seguridade Social, ou, se resulta superior, o importe establecido para as pensións non contributivas da Seguridade Social. Se tales prestacións adoptan a forma de capital, este non poderá ser inferior ao importe capitalizado da contía mínima establecida para caso de renda.

Considerarase, así mesmo, que se cumpre coa obriga de contía mínima da prestación se as cotas que ten que satisfacer o mutualista, calquera que sexa a continxencia contratada coa mutualidade alternativa, de entre as obrigatorias a que se refire o número 1, equivalen ao 80 por 100 da cota mínima que deba satisfacerse con carácter xeral no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

3. As achegas e cotas que os mutualistas satisfagan ás mutualidades na súa condición de alternativas ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, na parte que teña por obxecto a cobertura das continxencias atendidas polo dito réxime especial, serán deducibles co límite do 50 por 100 da cota máxima por continxencias comúns que estea establecida, en cada exercicio económico, no citado réxime especial.

Disposición adicional cuadraxésimo sétima. *Sociedades laborais.*

Os socios traballadores das sociedades laborais, cando o número de socios non sexa superior a vinte e cinco, mesmo cando formen parte do órgano de administración social, teñan ou non competencias directivas, gozarán de todos os beneficios da Seguridade Social de traballadores por conta allea que corresponda en función da súa actividade, así como da protección por desemprego e do Fondo de Garantía Salarial.

Disposición adicional cuadraxésimo oitava. *Profesionais sanitarios.*

O Ministerio de Traballo e Inmigración regulará o encadramento na Seguridade Social das actividades dos profesionais sanitarios non incluídos no Estatuto marco de persoal estatutario, aprobado pola Lei 55/2003, do 16 de decembro, coa finalidade de dar un tratamento homoxéneo, neste ámbito, ao persoal sanitario incluído e non incluído no dito estatuto, todo isto sen prexuízo das consecuencias inherentes á natureza da relación, laboral ou mercantil, do profesional coas empresas ou entidades para as cales preste servizos.

Disposición adicional cuadraxésimo novena. *Protección social dos actores de dobraxe.*

O Ministerio de Traballo e Inmigración presentará, no prazo dun ano, un estudo a fin de garantir o encadramento na Seguridade Social dos actores de dobraxe máis adecuado ás súas características profesionais.

Disposición adicional quincuaxésima. *Débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias cuxa titularidade teñan as administracións públicas ou institucións sen ánimo de lucro.*

Con pleno respecto ao equilibrio contable e patrimonial do sistema da Seguridade Social, o Goberno presentará, no prazo dun ano, un informe que conteña propostas concretas para resolver a situación da débeda sanitaria recollida na disposición adicional trixésima da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995, e que desde entón ten sido obxecto de reiteradas prórrogas nas sucesivas leis de orzamentos e decretos leis de prórroga orzamentaria.

Disposición adicional quincuaxésimo primeira. *Modificación do ámbito subxectivo de protección da Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.*

Introdúcese un novo número 3 no artigo 2, co seguinte texto:

«3. A protección por cesamento de actividade non resultará obrigatoria no caso de socios de cooperativas comprendidos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, sempre que estas cooperativas dispoñan dun sistema intercooperativo de prestacións sociais, complementario ao sistema público, que estableza un nivel de cobertura, no que respecta ás situacións de cesamento de actividade, polo menos equivalente ao regulado nesta lei.»

Disposición adicional quincuaxésimo segunda. *Cónxuxes de titulares de establecementos familiares.*

Naqueles supostos en que quede acreditado que un dos cónxuxes desempeñou, durante o tempo de duración do matrimonio, traballos a favor do negocio familiar sen que se cursase a correspondente alta na Seguridade Social, no réxime que corresponda, o xuíz que coñeza do proceso de separación, divorcio ou nulidade comunicará tal feito á Inspección de Traballo e Seguridade Social, co obxecto de que esta leve a cabo as actuacións que correspondan. As cotizacións non prescritas que, se é o caso, se realicen polos períodos de alta que se recoñezan producirán todos os efectos previstos no ordenamento, para efectos de causar as prestacións de seguridade social. O importe de tales cotizacións será imputado ao negocio familiar e, en consecuencia, o seu aboamento correrá por conta do titular deste.

Disposición transitoria única. *Redución de cotizacións nas persoas que prestan servizos no fogar familiar.*

Durante os exercicios 2012, 2013 e 2014, aplicarase unha redución do 20 por 100 ás cotizacións devengadas pola contratación das persoas que presten servizos no fogar familiar, e queden incorporadas no sistema especial a que se refire a disposición adicional trixésimo novena desta lei, sempre que a obriga de cotizar se iniciase a partir da data da integración do réxime especial de empregados de fogar no réxime xeral da Seguridade Social. Esta redución de cotas ampliarase cunha bonificación ata chegar ao 45 por 100 para familias numerosas, nos termos das reducións e bonificacións que xa se veñen aplicando neste réxime especial.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei, e de maneira específica:

1.º. O Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo, polo que se acomodan, ao abeiro do establecido na disposición adicional sétima da Lei 8/1980, do 10 de marzo, modificada pola Lei 32/1984, do 2 de agosto, as normas sobre anticipación da idade de xubilación como medida de fomento do emprego, sen prexuízo do establecido na disposición derradeira décima.

2.º. Os artigos 57.1.a), 62 e 63 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, no momento de constitución e entrada en funcionamento da Axencia Estatal da Administración da Seguridade Social.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.*

Dáselles unha nova redacción ao primeiro parágrafo do punto 6 e ao punto 7 do artigo 12 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, nos seguintes termos:

«6. Para que o traballador poida acceder á xubilación parcial, nos termos establecidos no número 2 do artigo 166 da Lei xeral da Seguridade Social e demais disposicións concordantes, deberá acordar coa súa empresa unha redución de xornada e de salario de entre un mínimo do 25 por 100 e un máximo do 75 por 100, conforme o citado artigo 166, e a empresa deberá concertar simultaneamente un contrato de remuda, de acordo co establecido no punto seguinte, con obxecto de substituír a xornada de traballo deixada vacante polo traballador que se xubila parcialmente. Tamén se poderá concertar o contrato de remuda para substituír os traballadores que se xubilen parcialmente logo de acadaren a idade establecida no artigo 161.1.a) da Lei xeral da Seguridade Social.»

«7. O contrato de remuda axustarase ás seguintes regras:

a) Formalizarase cun traballador en situación de desemprego ou que teña concertado coa empresa un contrato de duración determinada.

b) Agás no suposto previsto no parágrafo segundo do punto 6, a duración do contrato de remuda que se formalice como consecuencia dunha xubilación parcial terá que ser indefinida ou, como mínimo, igual ao tempo que lle falte ao traballador substituído para acadar a idade establecida no número 1 do artigo 166 da Lei xeral da Seguridade Social ou, transitoriamente, as idades previstas na disposición transitoria vixésima. Se, ao acadar a dita idade, o traballador xubilado parcialmente continúa na empresa, o contrato de remuda que se formalizase por duración determinada poderá prorrogarse mediante acordo das partes por períodos anuais, e extinguirse, en todo caso, ao finalizar o período correspondente ao ano en que se produza a xubilación total do traballador remudado.

No caso do traballador xubilado parcialmente logo de acadar a idade prevista no número 1 do artigo 166 da Lei xeral da Seguridade Social, ou, transitoriamente, as idades previstas na disposición transitoria vixésima dela, a duración do contrato de remuda que poderá formalizar a empresa para substituír a parte de xornada deixada vacante por el poderá ser indefinida ou anual. Neste segundo caso, o contrato prorrogarase automaticamente por períodos anuais, e extinguirase na forma sinalada no parágrafo anterior.

c) Agás no suposto previsto no parágrafo segundo do punto 6, o contrato de remuda poderá formalizarse a xornada completa ou a tempo parcial. En todo caso, a duración da xornada deberá ser, como mínimo, igual á redución de xornada acordada polo traballador substituído. O horario de traballo do traballador remudista poderá completar o do traballador substituído ou simultanearse con el.

d) O posto de traballo do traballador remudista poderá ser o mesmo do traballador substituído. En todo caso, deberá existir unha correspondencia entre as bases de cotización de ambos, nos termos previstos na alínea e) do número 2 do artigo 166 da Lei xeral da Seguridade Social.

e) Na negociación colectiva poderanse establecer medidas para impulsar a formalización de contratos de remuda.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.*

Dáselle unha nova redacción á alínea e) do artigo 49 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que terá a seguinte redacción:

«e) Permiso por coidado de fillo menor afectado por cancro ou outra enfermidade grave: o funcionario terá dereito, sempre que ambos os proxenitores, adoptantes ou acolletores de carácter preadoptivo ou permanente traballen, a unha redución da xornada de traballo de polo menos a metade da duración daquela, percibindo as retribucións íntegras con cargo aos orzamentos do órgano ou entidade onde veña prestando os seus servizos, para o coidado, durante a hospitalización e tratamento continuado, do fillo menor de idade afectado por cancro (tumores malignos, melanomas ou carcinomas) ou por calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente, acreditado polo informe do servizo público de saúde ou órgano administrativo sanitario da comunidade autónoma ou, se for o caso, da entidade sanitaria concertada correspondente e, como máximo, ata que o menor faga os 18 anos.

Cando concorran en ambos os proxenitores, adoptantes ou acolletores de carácter preadoptivo ou permanente, polo mesmo suxeito e feito causante, as circunstancias necesarias para ter dereito a este permiso ou, de ser o caso, poidan ter a condición de beneficiarios da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lles sexa aplicable, o funcionario terá dereito á percepción das retribucións íntegras durante o tempo que dure a redución da súa xornada de traballo, sempre que o outro proxenitor, adoptante ou acolleedor de carácter preadoptivo ou permanente, sen prexuízo do dereito á redución de xornada que lle corresponda, non cobre as súas retribucións íntegras en virtude deste permiso ou como beneficiario da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable. No caso contrario, só se terá dereito á redución de xornada, coa conseguinte redución de retribucións.

Así mesmo, no suposto de que ambos presten servizos no mesmo órgano ou entidade, esta poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns fundadas no correcto funcionamento do servizo.

Regulamentariamente estableceranse as condicións e os supostos en que esta redución de xornada se poderá acumular en xornadas completas.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.*

Dáselle unha nova redacción ao número 2 do artigo 7 da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, nos seguintes termos:

«2. A comisión de control do plan de pensións de emprego estará formada por representantes do promotor ou promotores e representantes dos partícipes e, se é o caso, dos beneficiarios. Os representantes dos partícipes poderán ter, con carácter xeral, a representación dos beneficiarios do plan de pensións.

Os plans de pensións do sistema de emprego poderán prever a representación específica na comisión de control dos partícipes e, se é o caso, dos beneficiarios de cada un dos subplans que se definan dentro do mesmo plan.

Nos plans de pensións de emprego de promoción conxunta poderán establecerse sistemas de representación conxunta ou agregada na comisión de control dos colectivos de promotores, partícipes e, se é o caso, beneficiarios, respectivamente.

Nos plans de pensións do sistema de emprego as especificacións poderán prever que a comisión negociadora ou, na súa falta, a comisión paritaria de interpretación e aplicación do convenio colectivo estatutario ou outros órganos de composición paritaria regulados nel poidan designar os membros da comisión de control ou establecer procedementos de designación directa dos devanditos membros.

Igualmente, as especificacións dos plans de pensións do sistema de emprego poderán prever a designación directa dos representantes dos partícipes e, se é o caso, dos partícipes que cesasen na relación laboral e dos beneficiarios, por acordo da maioría dos representantes dos traballadores na empresa.

Na falta dun sistema de designación directa, todos os representantes dos partícipes e beneficiarios serán nomeados mediante procedemento electoral.

Nos sistemas de designación directa previstos nos parágrafos anteriores, cando a suma de partícipes que cesasen na relación laboral co promotor e de beneficiarios supere o 20 por 100 do colectivo total do plan, deberá designarse polo menos un membro da comisión de control que proceda de entre eles.

Cando o número de partícipes que cesasen na relación laboral co promotor e de beneficiarios supere o 20 por 100 do colectivo total do plan, deberá efectuarse un proceso electoral se así o solicitan polo menos un terzo deles. Neste caso, as especificacións do plan poderán optar por ordenar a realización dun proceso electoral para a elección de todos os representantes de partícipes e beneficiarios na comisión de control, sen que sexa obrigatoria a representación específica establecida no parágrafo anterior.

Así mesmo, nos plans de pensións de emprego de promoción conxunta constituídos en virtude de acordos de negociación colectiva estatutaria de ámbito supraempresarial, poderase utilizar calquera dos métodos de designación e/ou elección descritos anteriormente.

Nos plans de pensións de emprego, incluídos os de promoción conxunta, a designación dos representantes na comisión de control poderá coincidir con todos ou parte dos compoñentes da comisión negociadora ou representantes das partes referidas.

As designacións directas dos membros da comisión de control poderán ser revogadas en calquera momento polas partes respectivas, que designarán substitutos.

As especificacións dos plans de pensións establecerán o sistema de nomeamento, por designación e/ou por elección, dos membros da comisión de control. Neste último caso, as especificacións regularán o procedemento electoral.

As decisións da comisión de control do plan adoptaranse de acordo coas maiorías estipuladas nas especificacións do plan, resultando admisible que as ditas especificacións prevexan maiorías cualificadas.

Regulamentariamente poderán regularse os sistemas para a designación e/ou elección dos membros das comisións de control dos plans de emprego, e poderán establecerse as condicións e porcentaxes de representación e as condicións de funcionamento delas en desenvolvemento do previsto nesta lei.

Cando no desenvolvemento dun plan este quede sen partícipes, a representación deles corresponderá aos beneficiarios.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.*

Un. Modifícase o parágrafo primeiro da disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real Decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, que queda redactado como segue:

«Os compromisos por pensións asumidos polas empresas, incluíndo as prestacións causadas, deberán instrumentarse, desde o momento en que se inicie o devengo do seu custo, mediante contratos de seguros, incluídos os plans de previsión social empresariais e os seguros colectivos de dependencia, a través da formalización dun plan de pensións ou varios destes instrumentos. Unha vez instrumentados, a obriga e a responsabilidade das empresas polos referidos compromisos por pensións circunscribíranse exclusivamente ás asumidas nos devanditos contratos de seguros e plans de pensións.»

Dous. Modifícase a alínea a) do parágrafo cuarto da disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, que queda redactada como segue:

«a) Revestir a forma de seguro colectivo sobre a vida ou plan de previsión social empresarial ou seguro colectivo de dependencia, nos cales a condición de asegurado corresponderá ao traballador e a de beneficiario ás persoas en favor das cales se xeren as pensións segundo os compromisos asumidos.»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, agás a disposición derradeira primeira, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.7.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación laboral.

Disposición derradeira sexta. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

1. Autorízase o Goberno e o ministro de Traballo e Inmigración, nos seus respectivos ámbitos, para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

2. O Goberno, por medio de real decreto, poderá modificar a redacción que a disposición adicional décimo oitava dá ao artigo 3 do Real decreto 1851/2009, do 4 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 161 bis da Lei xeral da Seguridade Social en canto á anticipación da xubilación dos traballadores con discapacidade en grao igual ou superior ao 45 por 100.

Disposición derradeira sétima. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Un. Dáselle unha nova redacción á alínea c) do número 1 do artigo 66 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«c) A colaboración co sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social e a Intervención Xeral da Seguridade Social, no exercicio das súas funcións de inspección e control interno, ou coas demais entidades xestoras da Seguridade Social distintas do cedente e demais órganos da Administración da Seguridade Social e para os fins de estatística pública nos termos da lei reguladora da devandita función pública.»

Dous. Engádesse un novo punto ao artigo 135 quáter da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«As previsións contidas neste artigo non serán aplicables aos funcionarios públicos, que se rexerán polo establecido no artigo 49.e) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e a normativa que o desenvolva.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ao número 2 do artigo 145 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As contías resultantes do establecido no punto anterior deste artigo, calculadas en cómputo anual, son compatibles coas rendas ou ingresos anuais de que, se é o caso, dispoña cada beneficiario, sempre que estes non excedan o 35 por 100 do importe, en cómputo anual, da pensión non contributiva. Noutro caso, deducirase do importe da pensión non contributiva a contía das rendas ou ingresos que excedan tal porcentaxe, agás o disposto no artigo 147.»

Catro. Engádesse dous novos puntos 2 e 3, pasando o actual punto 2 a numerarse como punto 4, na disposición adicional decimo sétima bis da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«2. Así mesmo, os beneficiarios de prestacións económicas do sistema da Seguridade Social cuxo gozo se atope condicionado á residencia efectiva en España poderán ser citados a comparecencia nas oficinas da entidade xestora competente coa periodicidade que esta determine.

3. Se non se presenta a documentación requirida no prazo establecido ou non se comparece ante a entidade xestora, logo da citación desta, a prestación ou, se for o caso, o complemento a mínimo dela será obxecto de suspensión cautelar. Se se presenta a información solicitada ou se comparece transcorridos máis de 90 días desde a súa solicitude ou citación, producirase a rehabilitación da prestación ou, se for o caso, do complemento a mínimo cunha retroactividade máxima de 90 días.»

Cinco. Engádesse un novo número 2, pasando a numerarse como 3 o actual punto 2, na disposición adicional vixésimo quinta da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«2. No caso de actuación por medio de representante, a representación deberá acreditarse por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado ante o órgano administrativo competente. Para estes efectos, serán válidos os documentos

normalizados de representación que aprobe a Administración da Seguridade Social para determinados procedementos.»

Seis. Engádesse un terceiro parágrafo á disposición adicional trixésimo novena da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, co seguinte texto:

«Cando o interesado fose considerado ao día no pagamento das cotizacións para efectos do recoñecemento dunha prestación, en virtude dun adiamento no pagamento das cotas debidas, pero posteriormente incumpra os prazos ou condicións do devandito adiamento, perderá a consideración de atoparse ao día no pagamento e, en consecuencia, procederase á suspensión inmediata da prestación recoñecida que estea percibindo, a cal soamente poderá ser rehabilitada unha vez que saldase a débeda coa Seguridade Social na súa totalidade. Con tal fin, de conformidade co establecido no artigo 40.1.b) desta lei, a entidade xestora da prestación poderá detraer de cada mensualidade devengada polo interesado a correspondente cota debida.»

Sete. Introdúcese unha nova disposición adicional, a sesaxésimo primeira, na Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sesaxésimo primeira. *Transformación en días dos prazos fixados para o acceso e determinación da contía das pensións.*

Para o acceso ás pensións da Seguridade Social, así como para a determinación da contía delas, os prazos sinalados nesta lei en anos, semestres, trimestres ou meses serán obxecto de adecuación a días, mediante as correspondentes equivalencias.»

Oito. Introdúcese unha nova disposición adicional, a sesaxésimo segunda, na Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sesaxésimo segunda. *Cómputo de ingresos para efectos do recoñecemento ou mantemento do dereito a prestacións.*

Consideraranse como ingresos os rendementos do traballo, do capital, de actividades económicas e ganancias patrimoniais, nos mesmos termos en que son computados no número 1 do artigo 50 desta lei para o recoñecemento dos complementos para mínimos de pensións, cando para o acceso ou o mantemento do dereito a prestacións comprendidas no ámbito da acción protectora desta lei distintas das pensións non contributivas e das prestacións por desemprego se exixa, legal ou regulamentariamente, a non superación dun determinado límite de ingresos.»

Nove. Modifícase a disposición transitoria décimo oitava do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, nos seguintes termos:

«Disposición transitoria décimo oitava. *Norma transitoria sobre pensión de viuvez en supostos de separación xudicial ou divorcio anteriores ao 1 de xaneiro de 2008.*

Engádesse un novo número 2 na disposición transitoria décimo oitava da Lei xeral da Seguridade Social, pasando o actual contido a constituír o punto número 1, coa seguinte redacción:

«2. Tamén terán dereito á pensión de viuvez as persoas que se atopen na situación sinalada no primeiro parágrafo do punto anterior, aínda que non reúnan

os requisitos sinalados nel, sempre que se trate de persoas con 65 ou máis anos, non teñan dereito a outra pensión pública e a duración do matrimonio co causante da pensión non fose inferior a 15 anos.

A pensión recoñecerase nos termos previstos no punto anterior.»

Disposición derradeira oitava. *Normas aplicables aos réximes especiais.*

Dáselle unha nova redacción ao número 1 da adicional oitava do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«1. Será aplicable a todos os réximes que integran o sistema da Seguridade Social o disposto nos artigos 137, puntos 2 e 3; 138; 140, puntos 1, 2 e 3; 143; 161, puntos 1, 2 e 3; 161 bis, punto 1 e punto 2.B); 162, puntos 1.1, 2, 3, 4 e 5; 163; 165; 174; 174 bis; 175; 176, punto 4; 177, punto 1, segundo parágrafo; e 179. Igualmente serán aplicables as normas sobre as prestacións familiares contidas no capítulo IX do título II, as disposicións adicionais sétima bis e cuadraxésimo terceira e quincuaxésimo novena e as disposicións transitorias cuarta, parágrafo primeiro; quinta, punto 1; quinta bis, sexta bis e décimo sexta.

Malia o disposto no parágrafo anterior, exceptúase a aplicación aos réximes especiais do previsto no artigo 138 no último parágrafo do seu punto 2, así como o regulado polo seu punto 5.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.*

Un. Engádesse un penúltimo parágrafo ao punto 5 do artigo 51 co seguinte teor literal:

«Tratándose de seguros colectivos de dependencia efectuados de acordo co previsto na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, como tomador do seguro figurará exclusivamente a empresa, e a condición de asegurado e beneficiario corresponderá ao traballador. As primas satisfeitas pola empresa en virtude destes contratos de seguro e imputadas ao traballador terán un límite de redución propio e independente de 5.000 euros anuais.»

Dous. Engádesse na alínea b) do número 1 do artigo 52 o seguinte:

«Ademais, 5.000 euros anuais para as primas a seguros colectivos de dependencia satisfeitas pola empresa.»

Tres. Engádesse na disposición adicional décimo sexta o seguinte:

«Ademais, para seguros colectivos de dependencia contratados por empresas para cubrir compromisos por pensións, establécese un límite adicional de 5.000 euros anuais.»

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.*

Modifícase a Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, nos seguintes termos:

1. Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 1, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Esta lei será aplicable ás persoas físicas que realicen de forma habitual, persoal, directa, por conta propia e fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa unha actividade económica ou profesional a título lucrativo, dean ou non ocupación a traballadores por conta allea. Esta actividade autónoma ou por conta propia poderá realizarse a tempo completo ou a tempo parcial.»

2. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 24, coa seguinte redacción:

«Os traballadores por conta propia que exerzan a súa actividade a tempo parcial estarán incluídos, nos supostos e conforme as condicións regulamentariamente establecidas, no réxime da Seguridade Social de traballadores autónomos.»

3. Engádesse un novo punto ao artigo 25, coa seguinte redacción:

«4. Considerando os principios de contributividade, solidariedade e sustentabilidade financeira, a lei poderá establecer un sistema de cotización a tempo parcial para os traballadores autónomos, para determinadas actividades ou colectivos e durante determinados períodos da súa vida laboral. Na súa falta, aplicarase a disposición adicional sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social sobre normas aplicables aos traballadores contratados a tempo parcial.»

4. Engádesse unha nova alínea e) no número 1 da disposición adicional segunda, coa seguinte redacción:

«e) Aqueles que, en función da súa actividade, a exerzan a tempo parcial, nunhas condicións análogas ás dun traballador por conta allea contratado a tempo parcial.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Información sobre as políticas de investimento dos plans e fondos de pensións.*

Modifícase o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, nos seguintes termos:

No artigo 14 engádesse un novo punto 7, coa seguinte redacción:

«7. A comisión de control do fondo de pensións, coa participación da entidade xestora, elaborará por escrito unha declaración comprensiva dos principios da súa política de investimento. Á devandita declaración daráselle suficiente publicidade.

Nesta declaración, no caso de fondos de pensións de emprego, deberase mencionar se se teñen en consideración, nas decisións de investimento, os riscos extrafinanceiros (éticos, sociais, ambientais e de bo goberno) que afectan os diferentes activos que integran o fondo de pensións.

Da mesma maneira, a comisión de control do fondo de pensións de emprego, ou de ser o caso a entidade xestora, deberá deixar constancia no informe de xestión anual do fondo de pensións de emprego da política exercida en relación cos criterios de investimento socialmente responsable anteriormente mencionados, así como do procedemento seguido para a súa implantación, xestión e seguimento.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2013, agás:

a) As disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, sétima, décimo cuarta, décimo quinta, décimo sexta, décimo sétima, vixésimo segunda, vixésimo terceira, vixésimo quinta, trixésima, trixésimo primeira, trixésimo segunda, trixésimo terceira,

trixésimo quinta, trixésimo sexta, trixésimo sétima, trixésimo novena, cuadraxésimo segunda e cuadraxésimo quinta, así como as disposicións derradeiras segunda, terceira, quinta, sexta e puntos un, dous, tres, catro e cinco da disposición derradeira sétima, que entrarán en vigor na data de publicación da lei no «Boletín Oficial del Estado».

b) As disposicións adicionais décimo oitava e cuadraxésima, que entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2012.

c) O punto tres do artigo 3, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

2. Seguirase aplicando a regulación da pensión de xubilación, nas súas diferentes modalidades, requisitos de acceso e condicións e regras de determinación de prestacións vixentes antes da entrada en vigor desta lei:

a) Ás persoas cuxa relación laboral se extingue antes da publicación desta lei.

b) Ás persoas con relación laboral suspendida ou extinguida como consecuencia de decisións adoptadas en expedientes de regulación de emprego, ou por medio de convenios colectivos de calquera ámbito e/ou acordos colectivos de empresa, así como por decisións adoptadas en procedementos concursais, aprobados ou subscritos con anterioridade á data de publicación desta lei, con independencia de que a extinción da relación laboral se producise con anterioridade ou posterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.

c) A aqueles que accedesen á pensión de xubilación parcial con anterioridade á data de publicación desta lei, así como ás persoas incorporadas antes da data de publicación desta lei a plans de xubilación parcial recollidos en convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresas, con independencia de que o acceso á xubilación parcial se producise con anterioridade ou posterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de agosto de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO